

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 16

SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO **25 DE OUTUBRO DE 2012**

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Veloso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO

POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figuroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTE:

Silva Rego, M^a Carmen

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día vinte e cinco de outubro do ano dous mil doce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figuroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández,

Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está ausente a concelleira Sra. Silva Rego. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

A PRESIDENCIA: Bos días señoras e señores concelleiros. Procedemos a iniciar o Pleno de sesión extraordinaria e urxente convocado por orde do día de data 22 de outubro que obra en poder dos señores e señores concelleiros. Constátase quórum e, aberta a sesión pública, procédese coa orde do día.

1.- (185) RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a urxencia da sesión.

DEBATE CONXUNTO DOS PUNTOS 2 AO 28

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Hai un acordo previo de voceiros de proceder á votación de forma agrupada de todas as ordenanzas, cunhas intervencións de dez minutos o goberno e cada un dos grupos da oposición, réplicas de tres minutos por cada un dos grupos e pechará o goberno con tres minutos de intervención.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Este goberno é plenamente consciente da situación de crise económica que afecta ás economías familiares e ás pequenas e medianas empresas e cre firmemente que las administracións públicas teñen a obriga de asumir novos compromisos, novos retos e por tanto establecer medidas efectivas que contribúan a paliar esta situación, medidas que xeren crecemento económico, emprego e atención social.

Os socialistas cremos e defendemos que a política social, a loita pola igualdade entre todos, pola atención aos colectivos máis afectados pola conxuntura económica e a procura da minoración dos efectos negativos desta crise pódense acadar. E non só a través dunha política de gasto público xeradora de crecemento e de emprego, senón tamén a través dunha política fiscal social.

A política fiscal social asume un papel fundamental en momentos coma os actuais porque permite unha atención especial a eses colectivos máis desfavorecidos e máis danados pola crise económica. As exencións nas taxas, nas bonificacións nos impostos e as reducións na carga fiscal, permiten a estes colectivos facer máis levadeira esta dura travesía por un mar embravecido.

Este é o obxectivo que sempre nos moveu, o que estivo detrás de todas as ordenanzas que aprobamos e que hoxe, unha vez máis, volve estar detrás das ordenanzas que presentamos para o ano 2013 porque o noso compromiso, un compromiso que cumprimos ano tras ano, é reducir a carga fiscal de todos os vigueses e viguesas e en especial a dos colectivos máis desfavorecidos.

Entendemos ademais que as consecuencias da crise económica non as deben pagar os cidadáns e por iso, mentres observamos que outras administracións, coma o goberno central, soben impostos coma o IRPF, o IVE, as plusvalías, o imposto dos carburantes, as taxas universitarias, as peaxes das autopistas; ou coma a Xunta sobe tamén as taxas nas escolas infantís ou na universidade, este goberno municipal di non ás subas de impostos e por iso propón a conxelación nominal das escolas municipais, de xeito que cincocentas familias viguesas non van pagar nin un só euro máis no seu recibo por ter a un neno nas nosas garderías infantís municipais.

Ogallá a Xunta de Galicia faga o mesmo porque hai uns meses a Xunta gobernada polo Partido Popular subiu o recibo das escolas infantís en Vigo ata 90 euros ao mes, é dicir, que incrementou as taxas das garderías unha media do 50%. Estas son as diferentes políticas de taxas que aplican a Xunta de Galicia e este goberno municipal; mentres a Xunta as sobe un 50%, este goberno un 0%. Determinada prensa e o Partido Popular poderán mentir e manipular pero a realidade é a que é.

Tamén propoñemos nestas ordenanzas a conxelación nominal das taxas pola prestación do servizo de asistencia domiciliaria e debemos lembrar que durante cinco anos estas taxas diminuíronse ata tres veces, co que nestes momentos a taxa

deste servizo é ata un 75% máis baixa da que tiña o Partido Popular gobernado pola Sra. Porro. Falamos de máis de seiscentas familias viguesas con dependentes ao seu cargo. Así os nenos, os maiores e os dependentes volven ter unha atención especial por parte deste goberno. Repito que ogallá fixeran o mesmo tanto a Xunta coma o goberno central porque lembremos que nestes momentos os dous teñen paralizada a Lei de dependencia e diminuíron as axudas para a dependencia. De novo e unha vez máis estas son as diferencias entre este goberno municipal e o goberno da Xunta e o central.

Tamén mantemos todas as bonificacións e exencións nos distintos impostos e taxas que se foron incorporando durante estes cinco anos. Así na taxa do lixo estarán exentas de pagar aquelas familias cunha renda per cápita inferior a 3.827 euros, as familias monoparentais cunha renda inferior a 5.315 euros, as familias numerosas cunha renda inferior a 5.978 euros. Así poderíamos seguir coas persoas que viven soas, os maiores de 65 anos, os maiores de 65 anos que viven sós ou as vivendas nas que resida unha persoa vítima de violencia de xénero. En total e só por este concepto 3.000 familias estarán exentas de pagar o recibo do lixo.

Aceptamos ademais a emenda do Bloque Nacionalista Galego de incorporar novos colectivos exentos porque esa é a nosa filosofía, recoñecer aos parados de longa duración e aos dependentes esa atención especial no recibo do lixo, de xeito que 700 familias viguesas máis estarán de novo exentas do pagamento do recibo lixo.

Pero ademais tamén esta ordenanzas manteñen a diminución do 90% na taxa de licenzas de locais, a bonificación do 75% nos vehículos ecolóxicos, a taxa cero nas terrazas que afecta a 500 establecementos, a bonificación do 3% do IBI que afecta a tres mil familias, as bonificacións a empresas de interese municipal, a rebaixa do 20% na taxa de lixo de oficinas e despachos que afecta a 5.000 locais. Ademais de novo aceptamos unha emenda do BNG para recoñecer aquelas actividades económicas ás que o goberno central subiu o IVE dun 8% ao 21%.

Tamén creamos un abono para as piscinas que pode ser tanto mensual coma anual e que permite unha bonificación do 25% para aqueles cidadáns empadroados en Vigo, así coma unha diminución do 50% para familias numerosas.

Aumentamos así o número de familias viguesas que poderán estar exentas de pagar as taxas de calquera servizo municipal: aqueles que estean nas escolas infantís, na escola municipal de música, na de teatro, nas deportivas, nos pavillóns,

xa que aumentamos o limiar de renda familiar que te permite acoller a estas excepcións ata un 4.1%.

Aceptamos outra emenda máis do BNG: a conxelación nominal da auga, pola cal os vigueses aforrarán ata 800.000 euros o ano que ben. De novo repito que ogallá fixera o mesmo a Xunta de Galicia e ogallá nestes momentos o Partido Popular defendese que a Xunta retirase o canon da auga que supuxo un aumento dun 30%. Por iso aqueles que aprobaron este canon e aqueles que o defenden non sei como teñen autoridade moral para falar de cambios no recibo da auga da cidade de Vigo. Para o resto, unha aplicación do IPC de abril de 2011 a abril de 2012 do 2,1%, moi inferior ao IPC actual que é o 3,4%. Ademais mantemos todo o esquema de taxas e de tarifas que permite que os servizos municipais segan garantindo bonificacións en todas as taxas e servizos. Así as escolas infantís municipais estarán bonificadas un 92%, a de música un 85%, a de teatro un 85%, a de música tradicional o 100%, o Zoo un 80% e o IMD un 70%. 75.000 vigueses veranse afectados directamente polas bonificacións que se incorporan nestas taxas.

E volvo repetir que ogallá o goberno central e a Xunta de Galicia gobernados polo Partido Popular fixesen o mesmo. E é que a aplicacións destas medidas de política fiscal é a que nos levou e nos segue a levar a que Vigo sexa unha das cidades con menor carga fiscal. Non o digo eu nin o di o Sr. Caballero, dio o Ministerio de Facenda.

Se collemos os datos do IBI se pode ver claramente como o IBI por habitante en Vigo é un dos máis baixos das cidades galegas, un 20% por baixo de cidades como Santiago, Ourense, Lugo ou Coruña e por suposto case a metade do que se paga de IBI en Madrid. Pero se collemos todos os impostos que pagan todos os cidadáns nunha cidade vemos de novo que Vigo é a cidade que presenta o nivel impositivo máis baixo de todas as cidades, moi por baixo de Pontevedra, de Lugo, da Coruña, de Ourense, de Santiago ou de cidades como Madrid. Ata un 50% máis baixo. Os datos son irrefutables e dicir calquera outra cousa é mentir e enganar.

Este goberno sempre diminuíu a carga fiscal, ampliou as bonificacións e exencións e estes son feitos e non palabras.

Temos que dicir que o Partido Popular presentou unha emenda que por suposto rexeitamos, considerámola unha senvergoncería política. Se o Partido Popular realmente quere diminuír a carga fiscal aos cidadáns de Vigo, pregúntolle por que

votou en contra cando neste Pleno este partido propuxo que non subisen as taxas das garderías da Xunta; por que votou en contra cando neste partido se propuxo que se anulase o canon da auga da Xunta de Galicia; por que votou en contra cando este partido pediu que se anulase a suba do IVE por exemplo no material de texto que ía dun 8 a un 21%. O partido de Vigo votou a favor das subas de impostos por parte do goberno central e da Xunta e por iso non se pode ser hipócritas políticos.

Os feitos teñen que avalar as palabras. Se queren diminuír a carga fiscal aos vigueses nestes momentos, que propoñan a anulación da suba do canon da auga dun 30%; que propoñan a anulación da suba das taxas das garderías da Xunta do 50%; a anulación da subida de taxas universitarias que se situou ata un 100%; a anulación da suba da peaxe da AP9 que en sete meses foi dun 10%; que propoñan a anulación da suba do IVE que nalgúns casos supón aumentar a carga fiscal ata un 30%; que propoñan a anulación da suba do IRPF, etc.

SRA. VELOSO RÍOS: Hoxe estamos a debater un ano máis as ordenanzas fiscais do Concello de Vigo e o Bloque Nacionalista Galego xa expresou a súa opinión sobre esta proposta do goberno. Logo de estudala presentou unha serie de emendas que foron aprobadas na comisión que se realizou onte, o que nos satisfai enormemente como é lóxico porque entendemos que son emendas que melloran considerablemente a proposta feita por este goberno para as ordenanzas fiscais do vindeiro ano.

En primeiro lugar queremos sinalar que, do mesmo xeito que o ano pasado, o BNG ten como principal criterio a responsabilidade. A primeira responsabilidade é a de garantir os ingresos e os recursos para as administracións públicas para poder prestar servizos á cidadanía. Falamos de servizos básicos en tempos de crise coma a sanidade, a educación, os servizos sociais, a cultura... Queremos garantir que as administracións conten con recursos económicos para poder ofrecer servizos á cidadanía que nesta época de crise están a pasar momentos moi difíciles.

Por suposto entendemos que os recursos públicos non son para lle dar aos bancos. Non entendemos que nos orzamentos estatais do vindeiro ano haxa 21.000 millóns de euros que se lles perdoan aos bancos, que lles foron prestados e non teñen que devolver, mentres se recorta en sanidade, en educación, en servizos sociais, non se

paga a dependencia... Ou en cousas que parecen importar tan pouco ao goberno estatal e ao autonómico coma a cultura, cando por exemplo desaparecen os trinta millóns que chegou haber para que as bibliotecas estatais puidesen adquirir libros e para o ano que ven hai cero euros. Non se vai mercar nin un só libro.

Por iso nós apoiamos esta proposta de ordenanzas fiscais que garantan recursos para este Concello, pero tamén esiximos que isto repercuta na calidade de vida da cidadanía e por iso tamén pedimos un compromiso deste goberno de que para o vindeiro non se vai volver subir o billete de Vitrasa. O transporte colectivo parécenos un servizo fundamental que ademais é utilizado por unha parte da cidadanía con menos recursos e non pode ser que se lles suba o billete e que se lles aplique a suba do IVE xustamente nestes momentos. Por iso apoiamos as ordenanzas fiscais co compromiso firme de que iso repercuta na cidadanía, por exemplo non aplicando a suba no billete do VITRASA o vindeiro ano.

Ademais porque nós entendemos que o sistema fiscal, especialmente nestes momentos, ten que ser diferente do que temos agora mesmo. Ten que buscar aliviar a presión fiscal sobre os que máis o precisan, pero tamén que paguen máis os que máis teñen. Por iso nós engadimos unhas bonificacións ás que xa estaban contempladas nas ordenanzas fiscais aprobadas para este ano, algunhas delas xa introducidas tamén polo BNG a través de emendas o ano pasado.

Estas bonificacións están dirixidas fundamentalmente ás persoas paradas de longa duración e ás persoas en situación de dependencia que están a ser duramente castigadas polo goberno estatal ao non cobraren a dependencia e tamén ao dificultar enormemente o traballo das persoas coidadoras.

Nós propuxemos e así foi aceptado que se engadan coeficientes redutores de renda para estes dous colectivos desfavorecidos de tal xeito que as persoas que teñan cargas familiares e leven en situación de desemprego máis de vintedous meses ininterrompidos, teñan unha bonificación, un coeficiente do 0,35 que se lle aplique aos seus ingresos. O mesmo para as persoas en situación en calquera dos tres graos, que serán dous desgraciadamente, que se lles aplicará aos seus ingresos un coeficiente do 0,50. No caso das persoas dependentes maiores de 65 anos aplicaráselles un coeficiente do 0,35 e ás persoas dependentes que fosen maiores de 65 anos e residan soas un coeficiente do 0,30.

Chegamos así a que as familias ás que a renda per cápita, por exemplo no caso das

persoas en paro dende hai máis de vintedous meses, o mínimo exento sexa de 10.934 euros ao no. Desgraciadamente coa situación de empobrecemento do noso país e da nosa cidade isto vai beneficiar a moitas familias. Non podemos esquecer que agora mesmo vivimos nun país europeo, no século XXI, que ten máis de 600.000 familias por debaixo do albor da pobreza e nenos e nenas desta cidade pasando fame, que comen porque teñen unha bolsa de comedor para poder comer nos comedores escolares e desgraciadamente non parece que este servizo vaia seguir tendo moitos apoios por parte da Xunta de Galicia, especialmente na nosa cidade.

Isto non son gráficos nin estatísticas, son persoas. Eu teño que recoñecer que veño pouco preparada, non traio gráficos como os que acaba de amosar a concelleira da Facenda nin como os que vai amosar o concelleiro do Partido Popular porque xa os vin antes de que comezase o Pleno. Haberá gráficos para demostrar que uns son máis bonitos ca outros e as estatísticas xa sabemos que, manipulando os datos, serven para demostrar calquera cousa segundo nos interese. Mesmo para manipular os datos de participación en eleccións democráticas. Eu non teño gráficos, eu estou a pensar nas persoas que agora están a pasalo peor na nosa cidade.

Por iso pensando en que haxa un sistema xusto de fiscalidade e tamén de pagamentos ás administracións, esiximos a elaboración inmediata dun estudo para a tarificación do recibo da auga en base ao consumo, cumprindo ademais xa co acordado no Pleno de aprobación das ordenanzas fiscais do pasado ano e na moción que tamén aprobamos nun Pleno recentemente. Mentres este cambio non se realiza, esiximos que non se lle aplique ningún tipo de suba a esta taxa, nin sequera o IPC. Esixímolo porque nos parece de xustiza.

Ademais tamén temos que facer fronte a unha situación na que nos atopamos dende que se aprobou a nova Lei de augas de Galicia. Unha lei que sinxelamente é unha xustificación para aumentar a presión fiscal sobre a poboación utilizando un recurso básico coma a auga. É unha taxa de aplicación universal, por exemplo aquelas instalacións que estaban exentas do canon de saneamento, o que tanto lles gusta comparar co canon da auga, como poden ser as instalacións deportivas ou as depuradoras de moluscos, agora tamén teñen que pagar.

De feito aproia Lei di "...Quérese estender o ámbito de aplicación das medidas

fiscais sobre os usuarios da auga que ata o de agora quedaban excluídos". Isto inclúe actividades industriais e logo nos estraña que as empresas queiran marchar de Galicia. Co que teñen que pagar de luz, co que agora tamén teñen que pagar de auga, dende logo isto non vai recuperar o emprego no noso país e na nosa cidade. Isto foi criticado polo propio Consello Económico e Social que tamén puxo reparos á reestruturación do Organismo de Augas de Galicia que se gastou un millón de euros nun contrato de asesoramento para que unha empresa privada lle axude a xestionar a súa propia norma.

Fronte a esta situación nós esiximos que este Concello reestruture a tarificación da auga e que mentres non o faga, que esperemos que sexa de xeito inmediato, non se aplique ningún tipo de suba, tampouco a do IPC.

Neste contexto no que insisto, a nós o que nos preocupa especialmente é a cantidade de persoas empobrecidas na nosa cidade polo desemprego, pola falla de servizos sociais, polo aumento dos impostos, polo aumento dos pagamentos que hai que facer, xa non hai recursos coma os libros gratuítos, hai que pagalos. Tamén pedimos un incremento do 2% nos mínimos exentos de ingresos o que tamén vai beneficiar, desgraciadamente, a moitas familias.

Por suposto, atopándonos cun sistema fiscal tan inxusto que grava a todo o mundo por igual, que aumenta o IVE, un imposto indirecto que temos que pagar todos e todas, que fai que paguemos polo material escolar, polos lapis, o mesmo que pagariamos por un iate, queremos que dende este Concello se intente compensar a aqueles pequenos comercios, ás pequenas empresas, que viron que o IVE que teñen que aplicar aos seus servizos pasou do 8% ao 21%. Os cines, as florarías, as papelerías, as perruquerías, os ximnasios, as clínicas veterinarias, que se ven tan terriblemente afectados por este sistema fiscal inxusto, van poder ter unha redución do 10% da tarifa proposta da ordenanza fiscal da taxa do lixo.

Por iso nunha taxa coma é a do lixo vai haber moitas máis persoas exentas, empresas que van recibir unha bonificación, moitas persoas que polos seus baixos ingresos van estar exentas das taxas e por suposto esperamos que en breve todos os cidadáns e cidadás da nosa cidade poidan pagar a auga polo que consumen e facer fronte a esta situación de crise empeorada e agravada por decisións crueis doutros gobernos.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Hoxe trae o grupo municipal Socialista ao Pleno a aprobación inicial da proposta modificación das ordenanzas fiscais para o ano 2013. Convócase este Pleno á presa e correndo, de xeito urxente e extraordinario, non podía esperar ao próximo luns que hai Pleno ordinario porque as novas ordenanzas teñen que estar publicadas no Boletín Oficial da Provincia antes do 31 de decembro. A pesar de ter sido aprobadas en Xunta de Goberno o 17 de setembro, non é ata hai unha semana cando se remiten aos grupos políticos porque o goberno socialista da cidade, que perdeu as eleccións municipais e está en minoría, non quixo mesturar o debate das ordenanzas con as eleccións autonómicas en Galicia, porque non ten votos.

Unhas eleccións autonómicas que reflectiron a aposta dos galegos polas políticas do Partido Popular e do presidente Feijóo, políticas que se basean en dicir a verdade e en xestionar a realidade, en traballar con seriedade e con responsabilidade. Un labor que a sociedade galega soubo recoñecer e por iso os galegos elixiron por esmagadora maioría ao Partido Popular para que os volva gobernar.

En Vigo o Partido Popular tamén gañou claramente as eleccións, incrementando a súa distancia respecto á segunda forza que agora está a case dez puntos porcentuais e quince mil votos. Entendo señores do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego que non lles interese o que digo pero vou cubrir o meu tempo e vou dicir o que quero e non o que vostedes queren que eu diga.

En Vigo o Partido Popular gañou claramente as eleccións, incrementou a distancia co bipartito, coa segunda forza política e con vostedes, dun 9,2 puntos de distancia a un 9,7 puntos e sacámoslles 15.000 votos. Iso a pesar de ter un alcalde cuxo único obxectivo era desacreditar a Feijóo e á Xunta de Galicia, boicoteando proxectos para Vigo por un valor superior a 57 millóns de euros, difamando o proxecto do hospital, bloqueando a Cidade da Xustiza, a Área Metropolitana, o transporte metropolitano, os aparcadoiros disuasorios. Segan así contra o Sr. Feijóo e contra a Xunta de Galicia que lles vai ir moi ben.

Pola contra ao bipartito de Vigo non lle deron os vigueses o seu apoio nestas eleccións. O Partido Socialista en Vigo sofre unha desfeita histórico perdendo máis de 16.000 votos e o Bloque Nacionalista Galego féndese en Vigo e perde 13.700 votos. Está claro, señores do BNG e o Partido Socialista, os vigueses suspenderon claramente a táctica de confrontación permanente de seu para esta cidade.

Volvendo ao debate das ordenanzas, o que van aprobar hoxe os socialistas e os nacionalistas, seguindo en dirección contraria, é un novo aumento de impostos e de taxas municipais para os vigueses que, por suposto e por descontado, o Partido Popular de Vigo non vai apoiar. Hai que dicilo alto e claro: vostedes son uns irresponsables porque saben que hai unha gran cantidade de persoas sen traballo, o dobre dende que o Sr. Caballero é alcalde, e as que teñen a sorte de traballar en Vigo ou lles baixaron o soldo ou llelo conxelaron, pero conxelado de verdade, non como fan vostedes que chaman conxelar a subir o IPC. Xa lles gustaría aos asalariados de Vigo que lles subiran o IPC nas súas nóminas.

Por iso vostedes subindo novamente os impostos municipais poñen o seu grao de area para que os cidadáns de Vigo o pasen peor se saben. Aínda non sabemos para que soben os impostos municipais porque volven incumprir a lei ao non traeren un proxecto de orzamentos para o ano 2013 pero tememos que hoxe van aprobar subir os impostos municipais para seguir tirando os cartos, por exemplo nunha subvención de 450.000 euros dun voo a Londres que non serve para nada ou para cambiar algunhas lousas que xa dixemos unha e mil veces que non estamos en contra das humanizacións pero cremos que agora non é o momento.

Hai que ser serios, Sra. Díaz. Se vostedes presumen dunha magnífica situación económica e financeira do Concello, a pregunta está clara: por que lles soben os impostos aos vigueses? Ninguén o entende, Sra. Díaz, vostedes viven nunha realidade paralela, nun Vigo virtual. Acaso non se decatan de que a xente está a sufrir e chegando con moita dificultade, os que chegan a fin de mes? Non se decatan de que os sectores produtivos da cidade están a pasar por una situación complicada por culpa dos anos de desgobierno do Sr. Rodríguez Zapatero en Madrid?

Dígannos sinceramente por que soben os impostos. Para xerar máis crise? Se tanto presumen dunha situación económica saneada aos vigueses lles viría moi ben que o seu Concello, a súa administración máis achegada, lles apoiara non subindo os impostos. Están vostedes perdendo unha excelente oportunidade de axudar aos cidadáns de Vigo que, aínda que vostedes o esquecen moi a miúdo, son aos que se deben.

O Partido Popular de Vigo a pesar de ter gañado as eleccións municipais, con trece concelleiros está na oposición pero fixo o seu traballo e presentou unha emenda á

totalidade para que aos vigueses non lles suban nada os impostos impostos municipais, o cero por cento. Iso si é conxelar. Ademais conseguimos cunha emenda xunto co BNG que o alcalde dese marcha atrás no seu intento de subir novamente o recibo da auga.

Vostedes levan cinco anos e medio falando de conxelar os impostos. Unha gran mentira, a verdade é que estiveron subindo os impostos a todos os vigueses anos tras anos e dende que Abel Caballero é alcalde os impostos na cidade de Vigo subiron un 15%. Si sabemos sumar Sra. Díaz. Os vigueses xa pagamos os impostos máis caros de Galicia.

Os impostos de Vigo son máis caros que os de Santiago e de A Coruña. O lixo hoxe custa 83 euros en Vigo, o ano que ven custará máis de 85, pero na Coruña entre 59 e 67. Isto é a realidade, Sra. Díaz. O imposto de circulación en Vigo custa hoxe 61 e na Coruña custa 38 euros; a grúa municipal custa en Vigo 130 euros e na Coruña 83,7. Vostedes falan de que temos o IBI máis barato de Galicia. Como se atreve a dicir isto? Temos o IBI máis caro de Galicia, a taxa impositiva de Vigo é do 0,78% e vostedes só este ano subiron o IBI un 14%. Deberíáselle caer a cara de vergoña por vir aquí enganar dicindo que temos o IBI máis barato de Galicia, que o van pagar a semana que ven todos os vigueses e as viguesas.

Non é conxelar subir a taxa do lixo. Esta taxa en 2007 era de 74 euros e agora é de 85. Por iso o Sr. Caballero pasará á historia desta cidade por ser entre outras cousas o alcalde que máis subiu os impostos aos vigueses.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: A proba de que estas son unhas boas ordenanzas para a cidade de Vigo é que o Partido Popular desperdiciou cinco minutos do seu tempo en facer unha análise electoral sen ter argumentos para atacar ás ordenanzas. Volvendo á análise electoral esquecéuselle dicir ao Partido Popular que perdeu 20.000 votos na cidade de Vigo. O peor resultado da historia nesta cidade que se este resultado se repetise en toda Galicia neste momento o Partido Popular na Xunta tería 29 deputados. Iso é o que esqueceu dicir. Con este resultado quedou claro que o candidato á Alcaldía do Partido Popular dos próximos tres anos dende logo non sairá do grupo que está aí sentado.

De novo mente o Partido Popular baseándose en datos que saen publicados en periódicos anti-vigueses. Unha das cousas que se aprende na licenciatura é que hai

que elixir fontes solventes e fiables e non calquera fonte e o Ministerio de Facenda é a fonte máis solvente. Non vale escoller catro impostos porque nunha cidade hai corenta e por iso hai que coller a suma de todos os impostos. Ademais lémbrolle á persoa que fixo esa reportaxe que lea todas as ordenanzas porque había que aplicar determinados coeficientes e polo tanto se pode facer calquera selección.

Fala de que nós estamos a subir os impostos: de novo volve mentir. Eu teño aquí un recorte de prensa do ano 2007 cando gobernaba o Partido Popular. O que fixo o seu partido no ano 2007 foi aplicar o IPC e este é o gran titular: "Impostos conxelados en favor do cidadán". Era o Partido Popular e cando son vostedes quen aplican o IPC fálase de impostos conxelados; cando é o Partido Socialista non se pode falar diso. Pero iso si: en ningún sitio aparecen exencións nin bonificacións, nin unha soa e este goberno, ademais de conxelar os impostos, fixo bonificacións e exencións.

Fala de defender aos vigueses; pois señores do Partido Popular deféndanlles e fagamos agora mesmo un Pleno extraordinario votando que a Xunta non suba o canon da auga aos vigueses, a que a Xunta non suba o IVE no material escolar, que non diminúa as subvencións aos comedores escolares como fixo precisamente agora cos comedores dos colexios públicos, votemos agora mesmo que non se suba o IRPF aos cidadáns vigueses, que non se suban as taxas das escolas infantís da Xunta porque o fixo ata un 50%. Eses son os feitos.

Non se pode vir aquí cun escrito moi bonito que non di exactamente o que están a facer. Quen subiron os impostos nesta cidade foron vostedes, tanto dende o Goberno central como dende o Goberno da Xunta de Galicia. Subiron todos, non quedou nin un só libre de suba.

SRA. VELOSO RÍOS: Agora mesmo os concelleiros do BNG temos a impresión de que estabamos noutro sitio, noutro Pleno completamente distinto. Non traemos gráficos para pelexar e poñer un gráfico diante do outro e non vimos aquí facer unha análise dos resultados electorais das eleccións que se realizaron o domingo. Vimos aquí falar das ordenanzas municipais, do que van pagar en taxas e impostos os vigueses e vaguesas a partir do ano que ben. Diso viñemos falar e diso estivemos falando durante os dez minutos da nosa primeira intervención e é do que imos falar agora. Precisamente este debate tan fóra de lugar é o que demostra por que había que quitar o debate das ordenanzas fiscais do período electoral. Non se pode

condicionar así a vida das persoas. Nós estamos falando do que teñen que pagar pola taxa do lixo cada vigués e cada viguesa e estamos a pedir aquí que as persoas que están sufrindo situacións máis difíciles teñan que pagar menos ou non teñan que pagar.

Estamos pedindo que esas persoas non vexan como lles sobe de novo o billete do Vitrasa, pedimos aquí que a xente pague o que é xusto por un servizo básico, por un ben básico coma é a auga. Non estamos aquí falando de número de votos, non estamos manipulando datos, non estamos falando diso. Estamos a falar da xestión dos recursos públicos, é dicir dos cartos de todos e todas que teñen que servir para mellorar a vida da cidadanía e temos que conseguilo a través de acordos como pasou neste caso, porque quero lembrar que o Partido Popular na comisión informativa de onte votou a favor das emendas que presentou o Bloque Nacionalista Galego.

Por certo, non coma o ano pasado que votou en contra da petición que fixo o BNG de cambiar o sistema de tarifas da auga. Quizais tamén teña que ver co período electoral. Iso é o máis vergonzoso, que vostedes queren xestionar os cartos públicos en base aos votos que reciben nas eleccións. Xa nolo deixou moi claro o Sr. Figueroa no Pleno da Deputación que nos pediu aos grupos da oposición que non seguísemos opoñéndonos ás súas propostas porque era "...morder a man que nos dá de comer". Aquí non hai cans nin hai donos, ninguén morde a man de ninguén e ninguén nos dá de comer. Estes son recursos públicos que teñen que servir para mellorar a vida da cidadanía, teñen que axudar e aliviar a presión fiscal das persoas máis necesitadas que efectivamente viron aumentada enormemente a presión fiscal nos últimos tempos porque os vigueses e viguesas xa pagamos máis impostos e xa recibimos menos axudas.

Non se lles sobe o IPC no seu salario. Xa lles gustaría aos funcionarios cobrar a súa paga extra no Nadal. Estas son as consecuencias das políticas que se están a levar a cabo neste país.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sra. Díaz, o meu obxectivo non era poñela nerviosa, nin que se alterase, senón sinxelamente facer un repaso das ordenanzas, de por que votamos en contra de que suban os impostos municipais e vostedes e o BNG parece que non aprenderon nada. Por iso lles lembraba o resultado das eleccións

do pasado domingo. Seguen a subir os impostos municipais para seguir cambiando lousas e seguir pagando voos a Londres.

Ese Pleno extraordinario do que vostede fala xa se realizou o pasado domingo. Ao mellor habería que facer un Pleno extraordinario para falar dos cinco millóns e medio de parados que nos deixou o Partido Socialista do Sr. Zapatero e de vostedes que negaban a crise.

Non se demostra boa xestión aumentando impostos, aumentando a débeda e gastando os aforros. Nós, cando deixamos o goberno municipal deixamos unha Tesourería saneada e baixárona vostedes xa a 57 millóns. Tamén cando gobernou o PP, sen subir os impostos como vostedes, baixou a débeda de 108 millóns a 47. Iso si é facer unha boa xestión económica e non o que fan vostedes que subiron a débeda a 83 millóns de euros e agora van asinar un novo préstamo de 9,7 millóns de euros, co que xa supera os 90 millóns de euros a débeda do Concello de Vigo.

Non é lóxico que vostedes segan igual, como se non pasase nada, mantendo organismos autónomos crebados coma a Xerencia de Urbanismo ou o Instituto Municipal dos Deportes. Señores do Partido Socialista, para cando unha reforma da administración da cidade de Vigo? É que non aprende nada o Sr. Caballero Álvarez das súas viaxes a Madrid? Para que nos serve entón que sexa vicepresidente da Federación de Municipios e Provincias? Faga reformas no Concello de Vigo á parte de se facer fotos co Rei.

Gobernar non é gastar, iso é moi fácil. Gobernar é administrar e administrar é dar prioridades por iso hai que ser coherente. O Concello de Vigo ten que saír máis barato aos cidadáns. O que teñen que facer é non enganar, dicir a verdade aos vigueses como o Partido Popular, teñen que dicirlles que vostedes non saben gobernar. Por iso o único ao que se dedican é a subir os impostos para cambiar lousas.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Non me altero, é que me enerva a mentira, a capacidade de mentira que ten o Partido Popular, sobre todo con esa cara. Di que o Partido Popular non subiu os impostos. Actas do Pleno: IPC abril 2003-2004, IPC abril 2004-2005. Isto é conxelar, pois se o Partido Popular conxelou entón o Partido Socialista tamén pero cunha gran diferenza: que con nós metemos 75.000 persoas bonificadas e vostedes nin unha soa. Esa é a gran diferenza, que nós incluimos colectivos e

vostedes non. Esa é gran mentira.

De novo se volve demostrar que non teñen argumentos contra estas cargas fiscais porque tardou dous minutos en falar de todo menos das cargas fiscais. A proba de que somos a cidade con menos impostos dáa o Ministerio de Facenda. Colla os datos do Ministerio.

De novo non saben sumar porque nese cálculo do IPC nos están poñendo anos que eles gobernaban. Xa sei que levamos anos gobernando e temos feito tantas cousas que parece que levamos dez, pero desgraciadamente o Partido Popular estivo tres anos e non fixo nada por esta cidade.

Falan da débeda. De novo collan os datos do Ministerio de Facenda. Este goberno ten a débeda moito máis baixa que a Sra. Porro que a aprobou nun 47,07%; este goberno a débeda con entidades financeiras tena nun 25,8%. Sinxelamente por comparar con outros sitios nos que goberna o Partido Popular como a Deputación: a débeda con entidades un 83,82%, superior ao límite legal que é un 75% o que lles impide efectuar ningún tipo de préstamo.

Esta é a situación real de como están as institucións gobernadas polo Partido Popular e esta é a situación de como están as institucións gobernadas polo Partido Socialista. Por iso me enerva a mentira porque como lle dicía hai que ir a fontes fiables e solventes, como a do Ministerio de Facenda.

Pregúntolle unha vez máis: están vostedes a favor de diminuír a carga fiscal dos vigueses? Se é así agora mesmo dicímoslle á Xunta de Galicia que a suba dun 50% nas taxas das garderías municipais as anule. Estamos a falar de 80 euros ao mes por neno, é dicir, o que paga un vigués polo recibo do lixo agora o paga de máis unha familia cun neno nunha gardería da Xunta ao mes. Multiplique polos once meses que está aberta a gardería, son 900 euro ao ano. Calcule o IVE do material escolar que subiu dun 8% ao 21%. Que vai pasar agora cos comedores escolares aos que a Xunta lles acaba de quitar 200.000 euros? Quen vai pagar ese comedor escolar? Pois vai pagalo este goberno que se vai facer cargo do que non fai a Xunta.

A PRESIDENCIA: Rematado o debate votaremos en primeiro lugar as emendas do Partido Popular a todas as ordenanzas e nunha segunda votación o conxunto do texto coas emendas incluídas do Partido Popular no caso de saír aprobadas,

incluídas tamén as emendas do Bloque Nacionalista Galego que xa están incluídas no texto.

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a emenda á totalidade das ordenanzas formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, co texto transcrito anteriormente.

2.- (186) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. (2)

ANTECEDENTES.- Con data 10 de agosto de 2012 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora do imposto sobre bens inmobles no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 22 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Por escrito da mesma data do 22 de agosto, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 17 de setembro a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade

ao proxecto da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 10 de agosto.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido, o grupo político municipal do Partido Popular, por escrito de data 22 de outubro, presentou emenda á totalidade pola que, entre outros aspectos, insta ao goberno municipal a manter vixentes para o ano 2013 as actuais ordenanzas fiscais, supoñendo iso a non variación dos importes (tarifas e cotas).

A emenda foi informada pola Dirección de Ingresos e polo Tribunal Económico Administrativo Municipal mediante informes de data 23 de outubro que constan no expediente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 22 de outubro, por maioría, ditaminou rexeitar a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular e aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 10 de agosto de 2012, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

(Nas votacións está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó

se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a emenda á totalidade das ordenanzas formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, co texto transcrito anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuese unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles

ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS

3.- Terán dereito a unha bonificación do 90% da cota íntegra do imposto os suxeitos pasivos -pai, nai ou titor- titulares de familia numerosa, relativa á vivenda que constituía a residencia habitual da familia e sempre e cando cumpran a seguinte condición:

Contar con ingresos brutos anuais, *per capita*, no exercicio da solicitude, inferiores a 5.861 euros.

4.- No caso de que fose procedente máis dun beneficio fiscal na cota deste imposto, aplicarase só o de maior contía.

ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA

1.- A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.

- 2.- O tipo de gravame para os bens inmobles urbanos será do 0,884%.
- 3.- O tipo de gravame para os bens inmobles rústicos será do 0,3%.
- 4.- O tipo de gravame para os bens inmobles de características especiais será do 0,804%.

DISPOSICIÓNS FINAIS.

2ª.- A presente modificación entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

3.- (187) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA. (3)

ANTECEDENTES.- Con data 10 de agosto de 2012 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 22 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Por escrito da mesma data do 22 de agosto, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 17 de setembro a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade

ao proxecto da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 10 de agosto.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido, o grupo político municipal do Partido Popular, por escrito de data 22 de outubro, presentou emenda á totalidade pola que, entre outros aspectos, insta ao goberno municipal a manter vixentes para o ano 2013 as actuais ordenanzas fiscais, supoñendo iso a non variación dos importes (tarifas e cotas).

A emenda foi informada pola Dirección de Ingresos e polo Tribunal Económico Administrativo Municipal mediante informes de data 23 de outubro que constan no expediente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 22 de outubro, por maioría, ditaminou rexeitar a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular e aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 10 de agosto de 2012, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

(Nas votacións está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuase unha nova votación. Ó

se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a emenda á totalidade das ordenanzas formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, co texto transcrito anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuese unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica

ARTIGO 4.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

2. Gozarán dunha bonificación do 100 por 100 de cota do imposto:

2.1 Os vehículos con antigüidade mínima de 25 anos contados a partir da data de fabricación. Se esta non se coñecera, tomarase como tal á da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante deixara de fabricarse.

Esta bonificación aplicarase de oficio no caso de vehículos nos que a súa primeira matriculación realizárase en territorio español. Noutro caso, deberá solicitarse aportando documentación que acredite a antigüidade e en caso favorable surtirá efectos para o exercicio seguinte ao da solicitude.

Nos casos en que a documentación oficial do vehículo ofrezca dúbidas sobre a data de primeira matriculación e/ou fabricación, a data de fabricación deberá acreditarse con certificado expedido pola firma fabricante.

ARTIGO 5.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS.

De entre os beneficios fiscais establecidos no artigo 4 da presente ordenanza, aplicaranse de oficio os indicados nos apartados 1.1, 1.4, 1.6. O beneficio regulado no apartado 2.1 aplicarase de oficio cando non sexa preciso presentar documentación ningunha e será rogado en caso contrario. Os restantes teñen carácter rogado.

Os beneficios establecidos en lexislación sectorial terán carácter rogado.

Os beneficios de carácter rogado surtirán efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se presente a solicitude agás as presentadas no mes de xaneiro. Neste último caso a concesión surtirá efectos no mesmo exercicio.

11.- (195) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS. (14)

ANTECEDENTES.- Con data 10 de agosto de 2012 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 22 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Por escrito da mesma data do 22 de agosto, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 17 de setembro a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 10 de agosto.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido, o grupo político municipal do Partido Popular, por escrito de data 22 de outubro, presentou emenda á totalidade pola que, entre outros aspectos, insta ao goberno municipal a manter vixentes para o ano 2013 as actuais ordenanzas fiscais, supoñendo iso a non variación dos importes (tarifas e cotas).

Así mesmo o grupo político municipal do BNG, en data 22 de outubro, presentou escrito no que, entre outros aspectos, propón un "...incremento do 2% nos mínimos exentos de ingresos... para familias numerosas... os cales pasarían ser 3.827€ e 5.987€..."

As emendas informáronse pola Dirección de Ingresos e polo Tribunal Económico Administrativo Municipal mediante informes de data 23 de outubro que constan no expediente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 22 de outubro, por maioría, ditaminou rexeitar a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular, así como aprobar por unanimidade a emenda formulada polo Grupo municipal do BNG, incorporándoa á proposta formulada pola directora de Ingresos con data 10 de agosto de 2012.

(Nas votacións está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuese unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a emenda á totalidade das ordenanzas formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, co texto transcrito anteriormente.

A Alcaldía-Presidencia somete a votación o ditame da comisión informativa de Economía e Facenda xuntamente coa modificación que se deriva da emenda presentada polo Grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do

BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuese unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais:

ARTIGO 5.- COTAS

A. Concesións temporais

A.1. Por período de 6 anos ou fracción

A.1.1. de cinceiros sinxelos	134,65 €
de cinceiros dobres	243,60 €
A.1.2. de criptas	134,65 €
A.1.3. de nichos	394,20 €
A.1.4 Párvulos	217,95 €

A.2. Por período de 50 anos

A.2.1. de nichos	2.200,25 €
A.2.2. de cinceiros	383,80 €
A.2.3. de parcelas exclusivamente (m2 ou fracción)	383,80 €

B. Renovación por catro anos das concesións recollidas no apartado A.1.

B.1. de cinceiros sinxelos	87,70 €
de cinceiros dobres	165,95 €
B.2. de criptas	87,70 €
B.3. de nichos	264,30 €
B.4. de párvulos	217,95 €

C. Expedición de títulos de sepulturas e parcelas

C.1. de mausoleos, panteóns, parcelas,	20,75 €
--	---------

cinzeiros, criptas e nichos, así como duplicados dos mesmos

D.- EXPEDICIÓN DE LICENCIAS

D.1. Inhumacións.

Entenderase por inhumación o enterramento de cadáveres e toda clase de restos que impliquen a apertura ou peche de oco para enterramento, tanto nichos, cinzeiros, panteóns, etc.

	Terra	Nichos e Cinzeiros	Criptas, panteón e mausoleos
Adultos e párvulos	37,35 €	64,05 €	141,80 €
Fetos e restos anatómicos			16,35 €
D.2.Exhumación			48,45 €

As anteriores licenzas comprenden amais da autorización administrativa propia desta ordenanza, a correspondente autorización para realizar obra menor.

E. Transmisións do dereito de concesión e uso ou aproveitamento, entre particulares

E.1. De terreos por cada 3 m2.

E.1.1. Hereditarios	30,85 €
E.1.2. Intervivos	549,65 €

E.2. Nichos e criptas por unidade

E.2.1. Hereditarios	30,85 €
E.2.2. Intervivos	165,95 €

E.3. de cinzeiros

E.3.1. Hereditarios	10,10 €
E.3.2. Intervivos	41,30 €

E.4. De panteóns e mausoleos por unidade

E.4.1. Hereditarios	217,95 €
E.4.2. Intervivos	825,00 €

No caso de que notificadas as autorizacións para transmisión a que se refire este apartado E), a transmisión non fose efectiva, os interesados terán dereito a devolución do 90% das cotas ingresadas en concepto das citadas autorizacións.

F. Taxa de mantemento e limpeza

F.1. Donos e concesionarios de panteóns, capelas, mausoleos	34,95 €
---	---------

e criptas, por unidade e ano

F.2. Donos e concesionarios de nichos por un ano, unha ou dúas bocas de nichos	9,25 €
tres ou catro bocas	17,25 €
F.3. Sepultura en terra por unidade e ano	2,75 €

O devengo desta taxa aludida no apartado F) prodúcese o 1 de xaneiro do ano en curso.

ARTIGO 7.- INGRESO

3.- As liquidacións correspondentes ás concesións do apartado A.2.1 do artigo 5 desta Ordenanza poderán ingresarse polo seu importe total ou ben en fraccións, no caso de que se trate de nichos en construción. As posibles fraccións faranse da seguinte forma:

1ª liquidación No momento da notificación do acordo de adxudicación.	551,45 €
2ª liquidación Unha vez aprobadas certificacións de obras por importe equivalente ó 50% do total do proxecto.	818,20 €
3ª liquidación A recepción provisional da obra e outorgamento do título de concesión	830,60 €

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do 2013 e permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Segundo.- Incorporarase ao artigo que corresponda da ordenanza fiscal os novos importes dos mínimos exentos.

Terceiro.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Cuarto.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

12.- (196) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA INMOBILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS. (15)

ANTECEDENTES.- Con data 10 de agosto de 2012 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 22 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Por escrito da mesma data do 22 de agosto, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 17 de setembro a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 10 de agosto.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido, o grupo político municipal do Partido Popular, por escrito de data 22 de outubro, presentou emenda á totalidade pola que, entre outros aspectos, insta ao goberno municipal a manter vixentes para o ano 2013 as actuais ordenanzas fiscais, supoñendo iso a non variación dos importes (tarifas e cotas).

A emenda foi informada pola Dirección de Ingresos e polo Tribunal Económico Administrativo Municipal mediante informes de data 23 de outubro que constan no expediente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 22 de

outubro, por maioría, ditaminou rexeitar a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular e aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 10 de agosto de 2012, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

(Nas votacións está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuese unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a emenda á totalidade das ordenanzas formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, co texto transcrito anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co

artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos

ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos contribuíntes por esta taxa os titulares dos vehículos inmovilizados, custodiados ou retirados, entendéndose por tales quen figure no permiso de circulación do vehículo.

Nos casos no que o servizo se preste a requirimento de calquera Autoridade xudicial ou administrativa en virtude da correspondente resolución, se considerará suxeito pasivo obrigado ao pago a Administración Pública de quen dependan.

Nos casos no que o servizo se preste para a realización de obras na vía pública para as que se conte coa debida autorización administrativa será suxeito pasivo obrigado ao pago a empresa ou organismo que solicite a retirada, salvo naqueles casos nos que a prohibición de estacionamento fose debidamente sinalizada con anterioridade e o vehículo fose estacionado posteriormente, nos que se considerará suxeito pasivo obrigado ao pago o titular do vehículo .

ARTIGO 4.- BENEFICIOS FISCAIS

Unicamente están exentos do pago das taxas polos servizos regulados na presente ordenanza, os traslados prestados nos casos de subtracción ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do seu titular debidamente xustificadas, e os traslados de vehículos que estando debidamente estacionados fose necesario retirar das vías públicas por impedir e obstaculizar a realización dun servizo público de carácter urxente o de natureza análoga .

ARTIGO 5.- COTA

A) Pola inmovilización dun vehículo na vía pública ou en calquera outro lugar, realizado pola Policía Local ou ordenado pola Autoridade competente segundo o disposto, e nos casos que se establezan na Lei de Seguridade Vial e Regulamentos que a desenvolven e demais disposicións en vigor en materia de tráfico.

- Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):

Inmovilización 70,00 €

Incremento diario por depósito e custodia 5,45 €

- Turismos e similares, cuadríciclos, triciclos con cabina (motocarro), quads,

caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados)	
Inmovilización	132,00 €
Incremento diario por depósito e custodia	10,15 €
- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares	
Inmovilización	204,00 €
Incremento diario por depósito e custodia	20,80 €
B) Pola retirada, transporte e custodia nos restantes casos	
- Motocicletas, ciclomotores e remolques con masa máxima autorizada inferior a 750 kg (sen matricular):	
Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas	70,00 €
Incremento diario por depósito e custodia	5,45 €
- Turismos e similares, cuadríciclos, triciclos con cabina (motocarro), quads, caravanas, tractores e remolques con masa máxima autorizada superior a 750 kg (matriculados)	
Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas	132,00 €
Incremento diario por depósito e custodia	10,15 €
- Camións, autobuses, autocares, semirremolques e similares	
Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas	204,00 €
Incremento diario por depósito e custodia	20,80 €
- Contedores	
Retirada, depósito e custodia durante as 6 primeiras horas	236,00 €
Incremento diario por depósito e custodia	20,80 €

ARTIGO 7.- NORMAS ADICIONAIS

Establécense as seguintes:

- a) O procedemento e actuación municipal axustarase ao disposto no texto articulado da lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial aprobado por real decreto 339/1990, de 2 de marzo e disposicións que o modifiquen, complementen ou desenvolvan.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2013, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación

expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

13.- (197) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO. (16)

ANTECEDENTES.- Con data 10 de agosto de 2012 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas pola recollida do lixo no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 22 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Por escrito da mesma data do 22 de agosto, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 17 de setembro a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 10 de agosto.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido, o grupo político municipal do Partido Popular, por escrito de data 22 de outubro, presentou emenda á totalidade pola que, entre outros aspectos, insta ao goberno municipal a manter vixentes para o ano 2013 as actuais ordenanzas fiscais, supoñendo iso a non variación dos importes (tarifas e

cotas).

Así mesmo o grupo político municipal do BNG, en data 22 de outubro, presentou escrito no que, entre outros aspectos, propón un "...incremento do 2% nos mínimos exentos de ingresos... para familias numerosas... os cales pasarían ser 3.827€ e 5.987€..."

Tamén o grupo político municipal do BNG no seu escrito de presentación de emendas propón para esta Ordenanza unha redución nun 10% da tarifa proposta para as actividades económicas que viron incrementado o tipo do IVE do 8% ao 21% (droguerías, florarías, papelerías, salóns de peiteados, ximnasios e clínicas veterinarias), así como a introdución no artigo 4.1. da Ordenanza de novos supostos de aplicación de coeficientes redutores de venda para dous colectivos desfavorecidos (desempregados de longa duración e dependentes), coeficientes que afectan aos epígrafes 1.7, 1.8, 1.9 e 1.10 do dito artigo. Os novos coeficientes dos epígrafes citados son, respectivamente, os seguintes: 0,35; 0,50; 0,35 e 0,30. As emendas informáronse pola Dirección de Ingresos e polo Tribunal Económico Administrativo Municipal mediante informes de data 23 de outubro que constan no expediente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 22 de outubro, por maioría, ditaminou rexeitar a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular, así como aprobar por unanimidade a emenda formulada polo Grupo municipal do BNG, incorporándoa á proposta formulada pola directora de Ingresos con data 10 de agosto de 2012.

(Nas votacións está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso

Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuese unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a emenda á totalidade das ordenanzas formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, co texto transcrito anteriormente.

A Alcaldía-Presidencia somete a votación o ditame da comisión informativa de Economía e Facenda xuntamente coa modificación que se deriva da emenda presentada polo Grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuese unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo:

ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS

4. Para o caso de locais de uso oficina, despacho, estudio e similar actividade profesional, son suxeitos pasivos obrigados ao pagamento da taxa na súa condición de substitutos dos contribuíntes, os propietarios ou usufrutuarios os cales poderán

repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas aos usuarios daqueles, beneficiarios do servizo, segundo o disposto no artigo 23 apartado 2. a) do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5. Para o caso de locais ou establecementos con actividade comercial, industrial, ou de outro uso, agás o disposto nos apartados 3 e 4 anteriores son suxeitos pasivos obrigados ao pagamento da taxa os titulares da actividade ou actividades que se desenvolven nos locais.

ARTIGO 4.- BENEFICIOS FISCAIS.

1. Estarán exentos de pagamento da taxa de lixo da vivenda que constituía a residencia habitual do solicitante, os membros de familias con ingresos bruto anuais, per cápita, inferiores a 3.752 € e 5.861 € para familias numerosas. O computo dos ingresos brutos farase respecto do exercicio inmediatamente anterior ao que se presente a solicitude.

Para disfrutar desta exención haberá de cumprirse amais a condición de que a titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non supere o valor catastral total de 49.305 €.

ARTIGO 5.- COTA

1.4. Suprímese este paragrafo ao ser substituído polo código 159:
"Locais con mínimos residuos por ter contratado un xestor autorizado 85,30 €"

1.4. Nos supostos en que a determinación da cota se faga en función de superficie, entenderase esta última como superficie útil.

1.5. No suposto de que dentro dunha vivenda se realice actividade económica, aplicarase á cota correspondente á actividade realizada segundo os epígrafes B e C do apartado 2 deste artigo.

2. A estrutura tarifaria é a seguinte:

A). VIVENDAS.

CÓDIGO	CONCEPTO	EUROS
139	Cota anual	85,30

B). ESTABLECEMENTOS

CÓD.	CONCEPTO	EUROS
1	Accesorios e vehículos, venda.	439,15
2	Alfombras e papeis pintados, Venda,	219,90
43	Almacéns frigoríficos e outros.	2269,75
5	Artigos de pel, peleterías.	260,00
6	Artigos de viaxe.	279,85
7	Axencias de viaxe.	219,90

8	Bancos.	1266,25
9	Bares e cafés de categoría especial.	458,35
91	Outros cafés e bares.	261,05
124	Bibliotecas, museos. salas de arte.	168,30
11	Bingos e outros xogos de azar	1146,85
12	Bixuterías.	178,00
14	Bombonerías.	219,90
15	Cadros e molduras, lámpadas.	262,05
16	Cafeterías.	767,30
17	Carnicerías	406,65
19	Cines.	575,30
20	Clubs, penas e asociacións culturais.	168,30
21	Colexios e academias de ensino, por planta.	168,30
22	Ídem. Ídem. con internado, por planta.	178,00
23	Colexios profesionais.	247,60
24	Comestibles (epígrafes. 647.1 e 647.2).	327,35
10	Comercio menor toda clase artigos, por planta.	458,35
140	Comercio menor toda clase de artigos de superficie inferior a 75 m2.	405,85
25	Confeiterías,pastelerías, panaderías e bolerías con obrador.	358,25
73	Confeiterías, pastelerías, panaderías, bolerías sen obrador.	168,30
26	Consultorios.	219,90
125	Clínicas de día sen hospitalización.	440,05
27	Corte e confección, modistas e xastrerías.	261,05
28	Cristalerías.	247,60
29	Churrerías.	168,30
30	Depósitos e almacéns pechados ó público.	261,05
31	Discos e cintas de vídeo, venda e alugueiro.	367,75
32	Discotecas.	1.082,50
33	Droguerías.	358,25
34	Efectos navais.	440,05
35	Estacións de servizo.	659,45
36	Estancos.	168,30
37	Estudios fotográficos.	178,00

38	Farmacias e laboratorios.	261,05
39	Ferrancharías, chatarrerías.	358,25
40	Ferreterías.	440,05
41	Florerías e paxareiras.	219,90
42	Fotografía, venda de material.	353,90
44	Froiterías de ata 20m2 e herboristerías.	219,90
151	Froiterías de mais de 20m2 ata 50m2	439,80
152	Froiterías de máis de 50m2 ata 100m2	879,60
153	Froiterías de mais de 100m2 ata 150m2	1.317,60
154	Froiterías de mais de 150m2 ata 200m2	1.759,20
155	Froiterías de mais de 200m2	2.340,15
45	Garaxes privados, ata 3 prazas	85,30
46	Ídem. de 4 a 25 prazas.	149,05
47	Ídem. de máis de 25 prazas.	193,90
48	Garaxes públicos	328,10
49	Garaxes públicos con lavado.	440,05
50	Gasolineiras, por cada surtidor.	90,30
126	Granxas de animais.	406,65
143	Hoteis de cinco estrelas	2.340,15
51	Hoteis e moteis de catro estrelas.	1.835,15
52	Hoteis e moteis de tres estrelas.	1.375,70
53	Hoteis e moteis de dúas e unha estrela.	1.102,10
54	Hoteis-apartamentos e aloxamentos Turísticos extra hoteleiros e cámpings.	873,65
55	Imprentas e litografías.	440,05
56	Instrumentos musicais.	261,05
58	Librerías.	353,90
158	Local ou establecemento pechado	85,30
159	Locais con cantidade de residuos similar a un local pechado por teren contratado un xestor autorizado	85,30
59	Loterías, administracións de.	168,30
60	Maquinaria diversa, venda e exposición	440,05
61	Material eléctrico e electrodoméstico, ordenadores.	353,90
62	Material de construción.	440,05
63	Mobiliario de oficina, venda e exposición.	523,55

64	Mercerías.	168,30
65	Mobles, exposición.	440,05
141	Mobles, venda en establecementos superficie ata 150 m2.	523,55
66	Mobles, venda establecementos superficie superior a 150 m2.	873,65
67	Mobles de cociña e baño, venda e exposición.	440,05
68	Obxectos de agasallo,decoración e antigüidades.	353,90
69	Obxectos de deporte.	261,05
70	Oficinas e despachos, por unidade.	163,35
71	Ópticas.	168,30
72	Ortopedias.	440,05
74	Papelerías, fotocopias.	261,05
76	Perruquerías e salóns de beleza.	327,35
127	Perruquerías e salóns de beleza de superficie inferior a 50 m2 e/ou na propia vivenda.	219,90
77	Pensións, hospedarías e hostais.	440,05
128	Ídem sen comida, por habitación.	50,60
78	Perfumerías.	261,05
79	Peixarías.	261,05
129	Polideportivos, campos de fútbol e similares.	575,30
80	Praterías e xoierías.	385,15
130	Preescolares e garderías infantís.	219,90
81	Quioscos.	168,30
131	Rastrillos e similares.	261,05
82	Reloxerías.	261,05
83	Residencias non clasificadas por turismo, por plta.	168,30
84	Restaurantes de 4 e 5 cubertos.	903,20
85	Restaurantes de 2 e 3 cubertos.	801,10
86	Restaurantes de 1 cuberto.	575,30
157	Restaurantes de menos de 30m2	287,65
132	Sanatorios de máis de 30 camas.	2.935,05
133	Sanatorios de ata 30 camas.	1.760,40
105	Servizos de reprodución gráfica.	369,70
89	Sociedades de lecer e casinos.	1.030,00
90	Supermercados (epígrafes 647.3 e 647.4).	1.375,70

93	Tecidos e confeccións por planta.	391,95
156	Tendas de roupa e/ou complementos de menos de 30m2.	163,35
94	Tinturerías e lavanderías.	261,05
95	Transportes públicos e privados.	659,45
96	Venda de localidades.	90,30
134	Veterinarios e perruquerías caninas.	328,25
98	Xeaderías e chocolaterías.	360,10
99	Ximnasios, saunas e similares.	440,05
100	Xogos de lecer.	659,45
101	Xogueterías.	353,90
103	Zapaterías.	299,15
104	Zapaterías, reparación.	168,30

C). FÁBRICAS E TALLERES INDUSTRIAIS CON RESIDUOS INFERIORES A 1000 LITROS/DIA

CÓDIGO	CONCEPTO	EUROS
135	De 1 obreiro.	261,05
108	De 2 a 5 obreiros.	322,45
109	De 6 a 10 obreiros.	440,05
110	De 11 a 25 obreiros.	659,45
111	De 26 a 75 obreiros.	1.322,90
112	De 76 a 125 obreiros.	1.762,45
113	De 126 a 250 obreiros.	2.199,15
114	De máis de 250 obreiros	2.935,05

D). Suprímese en cumprimento de fallo recaído en RCA PO 266/2011 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Vigo. Substitúese polos códigos da tarifa números 151 a 155, en función do parámetro de superficie do local.

D). ACTIVIDADES CON VOLUME DE RESIDUOS DENDE 1000 LITROS/DIA

CÓDIGO	CONCEPTO	EUROS
- Con colectores de 1000 litros:		
138	Un colector	2.340,15
149	Dos colectores	5.632,55
150	De tres colectores en adiante: Sumarase á tarifa 149: Por cada colector	3.977,80

- Con colectores de 2400 litros:

148 Cada colector 6.577,30

Para os establecementos ou instalacións non especificados nas relacións B e C a Xunta de Goberno, a proposta da Administración de Tributos e previo informe do Servizo de Limpeza resolverá aplicando ó previsto para o grupo de clasificación máis afín.

Para o caso de que os establecementos incluídos nos epígrafes 151 a 155 acrediten diante do Servizo de Limpeza municipal a contratación dun xestor autorizado para eliminación de residuos, este servizo poderá informar favorablemente a aplicación dunha tarifa inferior á que corresponde por superficie.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A aplicación da escala incluída nos códigos 151 a 155 será progresiva no tempo, e dicir, no caso de que un establecemento por razón da súa superficie tivera que saltar varios tramos respecto da tarifa 44, só saltará un tramo cada exercicio económico ata situarse no tramo que lle corresponde.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2013, estendendo os efectos favorables dos novos epígrafes 151, 152, 153 e 154 a feitos impoñibles do exercicio inmediatamente anterior cuxas liquidacións foran recorridas en vía administrativa, e permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Segundo.- Incorporaranse ao artigo que corresponda da ordenanza fiscal os novos importes dos mínimos exentos.

Terceiro.- Introducir no artigo 4.1 novos supostos de aplicación de coeficientes redutores de renda para dous colectivos desfavorecidos (desempregados de longa duración e dependentes):

- Suposto 1.7.: no caso de persoas que tendo cargas familiares levasen en situación de desemprego máis de 22 meses ininterrompidos, aplicarase aos seus ingresos brutos un coeficiente do 0,35.
- Suposto 1.8: no caso de persoas en situación de “dependencia en calquera dos seus tres grados”, aplicarase aos seus ingresos un coeficiente do 0,50.
- Suposto 1.9: no caso de persoas dependentes do apartado 1.8 que fosen maiores de 645 anos aplicarase un coeficiente do 0,35.
- Suposto 1.10: no caso das persoas dependentes do apartado 1.8. que fosen maiores de 65 anos e residan soas, aplicarase un coeficiente do 0,30.

Cuarto.- Reducir nun 10% a tarifa proposta, no seu artigo 5.2.b) dos seguintes establecementos:

Códigos:

19	Cines
33	Droguerías
41	Florerías
74	Papelerías
76	Perruquerías
99	Ximnasios
127	Perruquerías < de 50 m2.
134	Veterinarios

Quinto.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Sexto.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

14.- (198) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE RETIRADA, TRANSPORTE E CUSTODIA DE INSTALACIÓNS, ELEMENTOS E XÉNEROS RELATIVOS AO EXERCICIO DE CALQUERA ACTIVIDADE OU COMERCIO NA VÍA PÚBLICA SEN LICENZA MUNICIPAL E OUTROS PRESTADOS POR CAUSAS EXCEPCIONAIS. (17)

ANTECEDENTES.- Con data 10 de agosto de 2012 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas pola prestación dos servizos de retirada, transporte e custodia de instalacións, elementos e xéneros relativos ao exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal e outros prestados por causas excepcionais no sentido que figura na

parte dispositiva deste acordo.

Con data 22 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Por escrito da mesma data do 22 de agosto, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 17 de setembro a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 10 de agosto.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido, o grupo político municipal do Partido Popular, por escrito de data 22 de outubro, presentou emenda á totalidade pola que, entre outros aspectos, insta ao goberno municipal a manter vixentes para o ano 2013 as actuais ordenanzas fiscais, supoñendo iso a non variación dos importes (tarifas e cotas).

A emenda foi informada pola Dirección de Ingresos e polo Tribunal Económico Administrativo Municipal mediante informes de data 23 de outubro que constan no expediente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 22 de outubro, por maioría, ditaminou rexeitar a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular e aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 10 de agosto de 2012, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

(Nas votacións está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz,

Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a emenda á totalidade das ordenanzas formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, co texto transcrito anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación dos servizos de retirada, transporte e custodia de instalacións, elementos e xéneros relativos ao exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal e outros prestados por causas excepcionais

ARTIGO 5.- COTA

1. Nas prestacións dos servizos sinalados no apartado a) do Artigo 1º. desta Ordenanza aplicaranse as seguintes cotas:

1.1 Por retirada e transporte	€/hora ou fracción
- Por cada persoa afecta ao servizo	11,95 €
- Por cada vehículo afecto aos servizo	23,25 €

1.2 Por custodia.

- Cada día completo ou fracción por cada bolsa	3,25 €
--	--------

2. Nas prestacións de servizos sinalados no apartado b) e c) do Artigo 1º. desta Ordenanza aplicaranse as seguintes cotas:

2.1 Por retirada e transporte	€/hora ou fracción
- Por cada persoa afecta ao servizo	11,95 €
- Por cada vehículo afecto ao servizo	23,25 €

2.2. Por custodia.

- Cada día completo ou fracción por cada metro cúbico	3,25 €
---	--------

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de Xaneiro do 2013 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

15.- (199) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL

REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INSPECCIÓN SANITARIA E OS DE ANÁLISES QUÍMICAS, BACTERIOLÓXICAS E CALQUERA OUTRAS DA MESMA NATUREZA. (18)

ANTECEDENTES.- Con data 10 de agosto de 2012 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas pola prestación de servizos de inspección sanitaria e os de análises químicas, bacteriolóxicas e calquera outras da mesma natureza no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 22 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Por escrito da mesma data do 22 de agosto, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 17 de setembro a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 10 de agosto.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido, o grupo político municipal do Partido Popular, por escrito de data 22 de outubro, presentou emenda á totalidade pola que, entre outros aspectos, insta ao goberno municipal a manter vixentes para o ano 2013 as actuais ordenanzas fiscais, supoñendo iso a non variación dos importes (tarifas e cotas).

Así mesmo o grupo político municipal do BNG, en data 22 de outubro, presentou escrito no que, entre outros aspectos, propón un "...incremento do 2% nos mínimos exentos de ingresos... para familias numerosas... os cales pasarían ser 3.827€ e 5.987€..."

As emendas informáronse pola Dirección de Ingresos e polo Tribunal Económico Administrativo Municipal mediante informes de data 23 de outubro que constan no expediente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 22 de outubro, por maioría, ditaminou rexeitar a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular, así como aprobar por unanimidade a emenda formulada polo Grupo municipal do BNG, incorporándoa á proposta formulada pola directora de Ingresos con data 10 de agosto de 2012.

(Nas votacións está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a emenda á totalidade das ordenanzas formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, co texto transcrito anteriormente.

A Alcaldía-Presidencia somete a votación o ditame da comisión informativa de Economía e Facenda xuntamente coa modificación que se deriva da emenda presentada polo Grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do

BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de inspección sanitaria e os de análises químicas, bacteriolóxicas e calquera outras da mesma natureza:

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1) Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.752 €. A titularidade de Bens Inmóveis de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

2) Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza os integrantes de familias numerosas, que contén con ingresos brutos anuais, per capita, no exercicio da solicitude inferiores a 5.861 €.

ARTIGO 4.- COTAS

I) HIDROLOXÍA

Euros

1.- Análise auga de consumo non tratada, incluíndo PH, conductividade, turbiedade, nitritos, nitratos, amoníaco, oxidabilidade Kmn04, reconto bacterias coliformes totais, reconto escherichia Coli b-Glucoronidasa +, reconto enterococcus intestinais 26,05 €

2.- Análise auga de piscinas, incluíndo PH, conductividade, turbiedade, amoníaco, oxidabilidade, cloro libre, cloro combinado, cloro total, reconto bacterias aerobias a 36°C, reconto escherichia Coli b-Glucoronidasa +, reconto enterococos intestinais, investigación de pseudomonas a Aeruginosa, investigación de staphilococcus a aureus 67,50 €

3.- Análise auga de consumo tratada, incluíndo PH, conductividade, turbiedade, residuo seco a 180°C, nitritos, nitratos, amoníaco, oxidabilidade Kmn04, dureza total, cloruros, cloro libre, temperatura, reconto de clostridium perfringers, reconto bacterias coliformes totais, reconto escherichia Coli b-Glucoronidasa +, reconto enterococcus intestinais, reconto de bacterias aerobias a 22°C 54,20 €

4.- Análise auga envasada, incluíndo PH, conductividade, turbiedade, nitritos, nitratos, amoníaco, oxidabilidade Kmn04, reconto de clostridiun sulfito-reductores, pseudomonas aeruginosa, reconto bacterias coliformes totais, reconto escherichia Coli b-Glucoronidasa +, reconto enterococcus intestinais, reconto aerobios mesófilos a 37°C, reconto aerobios mesófilos a 22°C	51,45 €
5.- Probas presuntivas de potabilidade naquelas áreas da vila nas que non se cumpria o servizo mínimo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable e saneamento (rede de sumidoiros), incluíndo: investigación de nitritos, amoníacos, determinación de nitratos, investigación de coliformes, e no seu caso, de coliformes fecais.	1,80 €
6.- Análise de potabilidade microbiolóxica incluíndo: aerobios mesófilos, coliformes, coliformes fecais, estreptococos fecais.	24,10 €
7.- Reconto de bacterias aerobias.	8,10 €
8.- Investigacións de xermes coliformes.	8,10 €
9.- Investigación de estreptococos	8,10 €
10.- Investigación de colibacilo fecal.	8,10 €
11.- Cor.	4,30 €
12.- Turbiedade (escala sílice).	4,30 €
13.- PH.	4,30 €
14.- Conducividade.	4,30 €
15.- Determinacións cuantitativas individuais de elementos e ións.	6,15 €
16.- Determinación cuantitativa de metais por espectrofotometría de absorción atómica.	36,55 €
17.- Determinacións que precisen a utilización do cromatógrafo de gases ou líquidos.	36,55 €
18.- Demanda química de osíxeno (método do dicromato).	21,50 €
19.- Demanda bioquímica de osíxeno.	21,50 €
20.- Augas residuais industriais, incluíndo: PH, sólidos en suspensión, conducividade, DBO5, DQO, nitritos, amoníaco, nitróxeno total, fósforo total, graxas e aceites, mercurio, cadmio, chumbo, cromo, níquel, cinc.	258,35 €
21.- Graxas e aceites.	13,65 €
22.- Nitróxeno total.	13,65 €
23.- Fósforo total.	13,65 €
24.- Sólidos en suspensión.	9,15 €
25.- Deterxentes.	9,50 €
26.- Comprobación de aparatos esterilizadores, descalcificadores, desionizadores, etc.	s/determ

II) POLUCIÓN DO AIRE	Euros
1.- Determinación do CO	193,60 €
2.- Determinación de CO	22,85 €
3.- Determinación de SO2	9,65 €
4.- Determinación de NH3	9,65 €
5.- Determinación de SH2	15,90 €
6.- Determinación de partículas sólidas	22,85 €
7.- Determinación da contaminación bacteriana do aire	22,85 €
8.- Comprobacións biolóxicas especiais	s/determ
III) BROMATOLOXICAS-QUIMICAS	Euros
1.- Determinacións cuantitativas de elementos correntes por separado.	6,95 €
2.- Determinacións cuantitativas de elementos ou substancias especiais por separado.	s/dificultade
3.- Humidade, cinzas, e graxa de alimentos.	17,30 €
4.- Leite, determinacións de calidade, incluíndo: graxa, acedume, extracto seco e cinzas.	24,45 €
5.- Graxas e aceites comestibles, incluíndo: acidume, humidade, índice de iodo e residuo insoluble en éter.	25,70 €
6.- Sal, incluíndo: humidade, residuo insoluble en auga, nitratos, nitritos, calcio e magnesio.	36,55 €
7.- Vinagre, incluíndo: acidume volátil, extracto seco, cinzas, sulfatos e investigación de ácidos inorgánicos.	29,30 €
8.- Carne, peixes, embutidos, incluíndo: humidade, investigación de nitratos, nitritos, fosfatos e cinzas.	29,30 €
9.- Azucres, melazas e substancias semellantes, incluíndo: humidade, cinzas e concentración de azucres.	20,40 €
10.- Viños e cervexas, incluíndo: grado de alcohol, acedume total, acedume volátil, sulfatos e materia colorante artificial.	29,30 €
11.- Determinación illada de grao alcohólico.	6,95 €
12.- Determinación illada de acedume volátil.	6,95 €
13.- Investigación illada de metais pesados, por espectro-fotometría e absorción atómica, previa incineración dun alimento.	45,60 €
IV) BROMATOLOXICA-BACTERIOLOXICAS	Euros
1.- Reconto de bacterias aerobias en bebedizos.	8,10 €
2.- NMP de xermes coliformes en bebedizos e alimentos	12,65 €

3.- Reconto de estafilococos coagulasa-positivos.	14,55 €
4.- Investigación de salmonelas en alimentos.	27,30 €
5.- Investigación de colibacilo fecal.	14,55 €
6.- Análise bacteriolóxica de leite, incluíndo: reconto de aerobios entereobacteriaceas, xermes patóxenos e proba da fosfatasa.	33,70 €
7.- Análise bacteriolóxica de moluscos, incluíndo: reconto de aerobios, investigación de salmonelas, colifecal, estreptococos, vibrio parahemolítico.	68,40 €
9.- Análises bacteriolóxicas varias.	s/dificul. e custo

V) ANÁLISES DOUTRAS SUBSTANCIAS OU PRODUTOS DENDE O PUNTO DE VISTA HIXIÉNICO-SANITARIO

1.- Aplicaranse as taxas das tarifas anteriores segundo a dificultade e o custo dos elementos empregados.

2.- Cando para algunha determinación analítica se requira o uso do cromatógrafo de gases, espectrofotómetro, etc., incrementarase as taxas en función do custo da análise.

3.- Incrementarase nun 100% as taxas fixadas nas análises contraditorias en que os resultados sexan conformes cos ditames primitivos.

4.- No caso de produtos de características que non respondan exactamente ós indicados nas tarifas sinaladas, e nos estudos, informes ou investigacións especiais que puidesen solicitarse, a súa valoración farase por analoxía coas tarifas establecidas no número 1 do presente artigo.

5.- Cando para verificar algunha determinación analítica, o persoal do Laboratorio Municipal, por prescrición do seu director se desprace para recoller mostras as taxas incrementarase 22,75 € as fixadas en cada sección e nº da tarifa.

VI) Tramitación de autorización de vertidos non domésticos de augas residuais: 234,00 €

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª. Esta Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do 2013, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación

Segundo.- Incorporarase ao artigo que corresponda da ordenanza fiscal os novos importes dos mínimos exentos.

Terceiro.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con

inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Cuarto.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

16.- (200) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SANIDADE PREVENTIVA, DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN, DESRATIZACIÓN E DESTRUCCIÓN DE CALQUERA CLASE DE MATERIAS E PRODUTOS CONTAMINANTES OU PROPAGADORES DE XERMES NOCIVOS PARA A SAÚDE PÚBLICA PRESTADOS A DOMICILIO OU POR ENCARGO. (19)

ANTECEDENTES.- Con data 10 de agosto de 2012 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas pola prestación dos servizos de sanidade preventiva, desinfección, desinsectación, desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 22 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Por escrito da mesma data do 22 de agosto, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 17 de setembro a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 10 de agosto.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de

outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido, o grupo político municipal do Partido Popular, por escrito de data 22 de outubro, presentou emenda á totalidade pola que, entre outros aspectos, insta ao goberno municipal a manter vixentes para o ano 2013 as actuais ordenanzas fiscais, supoñendo iso a non variación dos importes (tarifas e cotas).

Así mesmo o grupo político municipal do BNG, en data 22 de outubro, presentou escrito no que, entre outros aspectos, propón un "...incremento do 2% nos mínimos exentos de ingresos... para familias numerosas... os cales pasarían ser 3.827€ e 5.987€..."

As emendas informáronse pola Dirección de Ingresos e polo Tribunal Económico Administrativo Municipal mediante informes de data 23 de outubro que constan no expediente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 22 de outubro, por maioría, ditaminou rexeitar a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular, así como aprobar por unanimidade a emenda formulada polo Grupo municipal do BNG, incorporándoa á proposta formulada pola directora de Ingresos con data 10 de agosto de 2012.

(Nas votacións está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó

se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a emenda á totalidade das ordenanzas formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, co texto transcrito anteriormente.

A Alcaldía-Presidencia somete a votación o ditame da comisión informativa de Economía e Facenda xuntamente coa modificación que se deriva da emenda presentada polo Grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuese unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación dos servizos de sanidade preventiva, desinfección, desinsectación, desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo:

ARTIGO 3.- EXENCIONS E BONIFICACIONES

a) Estarán exentos das taxas reguladas na presente ordenanza, os membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 3.752 €. A titularidade de Bens Inmóbles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 49.305 €.

Para o disfrute desta exención dítase resolución da Concellería de Economía e Facenda establecendo o procedemento así como a documentación necesaria que acredite o cumprimento da condición anterior.

b) Estarán exentos do pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza as familias que teñan a condición de familias numerosas, con ingresos brutos anuais, per capita, no exercicio da solicitude inferiores a 5.861 €

ARTIGO 4.- COTAS

As tarifas destas taxas serán as seguintes:

1.-	DESINSECTACION	
1.1.	Por cada actuación nunha vivenda ou local; polos primeiros 25 m2.	24,05 €
1.2.	Por cada m2 a maiores	0,60 €
2.-	DESRATIZACIÓN	
1.1.	Por cada actuación nunha vivenda ou local; polos primeiros 50 m2.	24,05 €
1.2.	Por cada 50 m2 a maiores	6,35 €
3.-	DESINFECCIÓN	
3.1.	Por cada actuación nunha vivenda ou local; polos primeiros 25 m2.	24,05 €
3.2.	Por cada m2 a maiores	0,60 €
4.-	VEHÍCULOS	
4.1.	Por desinfección autotaxi.	9,45 €
4.2.	Ídem. autobuses transporte urbano.	18,90 €
4.3.	Ídem. camión, autobús ou transporte de mobles.	27,45 €

A prestación de servizos realizados fóra do horario normal de traballo sufrirá un recargo do 50% sobre as tarifas sinaladas.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª Esta Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2013 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Incorporarase ao artigo que corresponda da ordenanza fiscal os novos importes dos mínimos exentos.

Terceiro.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e

reclamacións.

Cuarto.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

17.- (201) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE LIMPEZA DE POZOS NEGROS, FOSAS SÉPTICAS, SOLARES E SERVIZOS SIMILARES ASÍ COMO A RECEPCIÓN DE RESIDUOS NA PLANTA DE TRANSFERENCIA. (20)

ANTECEDENTES.- Con data 10 de agosto de 2012 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas pola prestación de servizos de limpeza de pozos negros, fosas sépticas, solares e servizos similares así como a recepción de residuos na planta de transferencia no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 22 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Por escrito da mesma data do 22 de agosto, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 17 de setembro a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 10 de agosto.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido, o grupo político municipal do Partido Popular, por escrito de data 22 de outubro, presentou emenda á totalidade pola que, entre

outros aspectos, insta ao goberno municipal a manter vixentes para o ano 2013 as actuais ordenanzas fiscais, supoñendo iso a non variación dos importes (tarifas e cotas).

A emenda foi informada pola Dirección de Ingresos e polo Tribunal Económico Administrativo Municipal mediante informes de data 23 de outubro que constan no expediente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 22 de outubro, por maioría, ditaminou rexeitar a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular e aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 10 de agosto de 2012, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

(Nas votacións está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a emenda á totalidade das ordenanzas formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, co texto transcrito anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández

Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación de servizos de limpeza de pozos negros, fosas sépticas, solares e servizos similares así como a recepción de residuos na planta de transferencia

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE

a. Recepción de residuos na EDAR.

ARTIGO 2.- OBRIGADOS O PAGAMENTO

Son suxeitos pasivos, obrigados o pagamento destas taxas:

- a. No caso dos vertidos, as persoas que os depositen na EDAR.
- b. Nos restantes servizos quen resulte beneficiado pola súa prestación.

ARTIGO 4.- COTAS

As tarifas serán as seguintes:

1. Vertidos na EDAR: por cada 100 Kgs. ou fracción.	5,10 €
2. Limpeza de solares, locais e rúas particulares.	
Pola primeira hora ou fracción.	69,45 €
Por cada media hora ou fracción adicional.	33,95 €
3. Limpeza de acometidas, canos e desaugadoiros.	
Por cada media hora ou fracción.	33,95 €
4. Baleirado de pozos negros e fosas sépticas.	
Polos primeiros 90 minutos ou fracción.	103,85 €

Por cada media hora ou fracción adicional.

33,95 €

ARTIGO 5.- DEVENGO E INGRESO

3. As persoas interesadas en realizar vertidos de residuos na EDAR, deberán proveerse na recadación municipal dos tickets polo importe do servizo. O Concello facilitará tickets para depositar ata 100 kg., 1 Tm, e 2 Tm.

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o día 1 de Xaneiro do 2013 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

18.- (202) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL. (30)

ANTECEDENTES.- Con data 10 de agosto de 2012 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 22 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Por escrito da mesma data do 22 de agosto, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 17 de setembro a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 10 de agosto.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido, o grupo político municipal do Partido Popular, por escrito de data 22 de outubro, presentou emenda á totalidade pola que, entre outros aspectos, insta ao goberno municipal a manter vixentes para o ano 2013 as actuais ordenanzas fiscais, supoñendo iso a non variación dos importes (tarifas e cotas).

Así mesmo no prazo establecido o Grupo municipal Socialista, co obxecto de precisar mellor os distintos feitos impositivos e modificar algúns aspectos das normas sobre ingreso, presentou escrito de emenda para modificar parcialmente a redacción dos artigos seguintes da ordenanza: artigo 1 (Feito impositivo); artigo 4 (Cotas); artigo 5 (Período positivo e devengo); artigo 6 (Normas sobre ingreso) e artigo 7 (Normas de xestións).

As emendas informáronse pola Dirección de Ingresos e polo Tribunal Económico Administrativo Municipal mediante informes de data 23 de outubro que constan no expediente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 22 de outubro, por maioría, ditaminou rexeitar a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular, así como aprobar a emenda formulada polo Grupo municipal Socialista, incorporándoa á proposta formulada pola directora de Ingresos con data 10 de agosto de 2012.

(Nas votacións está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz,

Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a emenda á totalidade formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias.

A Alcaldía-Presidencia somete a votación o ditame da comisión informativa de Economía e Facenda xuntamente coa modificación que se deriva da emenda presentada polo Grupo municipal Socialista.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local:

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen feitos impoñibles destas taxas os aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas do solo, subsolo e voo do dominio público local seguintes:

- a. Instalación de surtidores de gasolina, aparatos de venda automática, fotografía, básculas, caixas de distribución e de rexistro no solo ou voo, bocas de carga de combustible, arquetas, postes, caixeiros automáticos, ramplas ou calquera outra instalación a servizo das edificacións e tamén con casetas de obras e outros elementos afectos ás mesmas na parte que exceda do replanteo correspondente á obra principal, así como, conducións de enerxía eléctrica, gas, fibra óptica e restantes servizos ou subministros, e calquera outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no solo ou voo do dominio público local.
- b. Ocupación de terreos de dominio público local con valados, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas.
- c. Ocupación de terreos de dominio público local con colectores e sacos para recollida ou depósito de entullos, materiais de construción ou residuos.
- d. Ocupación de terreos de dominio público local con entullos, areas, materiais de construción, camiións bombeadores de formigón e outros.
- e. Ocupación de terreos de dominio público local con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.
- f. Instalación de postos, barracas, buzóns postais, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreos de dominio público local, así como industrias na rúa e ambulantes, sempre que se trate de supostos non incluídos na ordenanza reguladora de venda na vía pública e espazos abertos.
- g. Entradas de vehículos ao interior de edificios, fincas ou locais.
- h. Reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos ou carga e descarga de mercancías de calquera clase.
- i. Caixas de distribución e de rexistro no subsolo, tendidos, entubados, galerías para condución de enerxía eléctrica, auga, gas, fibra óptica ou calquera outro servizo e outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no subsolo do dominio público local.
- j. Calquera outro aproveitamento especial do dominio público titularidade deste Concello.

ARTIGO 2.- SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos das taxas reguladas nesta ordenanza en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o

artigo 35.4 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria quen gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local.

Nas taxas relativas ao apartado g) do artigo anterior, serán substitutos do contribuínte, obrigados ao pagamento das taxas, os propietarios dos edificios, fincas ou locais aos que dan acceso as entradas de vehículos, quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

1.- O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas ao pagamento das taxas reguladas nesta ordenanza, referidas a aproveitamentos inherentes aos servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e por todos os que inmediatamente interesen a seguridade cidadá ou a defensa nacional.

2.- Así mesmo, estarán exentas de pagamento as taxas por aproveitamentos especiais sinalados no apartado b) do artigo 1) desta ordenanza necesarios para realizar obras na denominada área de rehabilitación integrada Casco Vello de Vigo, acordada pola CPTOPV con data 20.09.97, así como as obras incluídas nos plans especiais de reforma interior de Bouzas e Casco Vello.

ARTIGO 4.- COTAS

1.- As cotas tributarias relativas ás taxas reguladas nesta ordenanza calcularanse aplicando as tarifas que figuran no apartado 4 deste artigo atendendo á categoría da rúa sinalada no anexo da ordenanza fiscal xeral do Concello, onde radique o aproveitamento especial.

2.- No caso de que o aproveitamento estea situado na confluencia de varias rúas, aplicarase á tarifa correspondente á rúa de categoría superior.

3.- No caso de que o aproveitamento estea situado en parques e xardíns públicos, aplicarase á categoría da rúa de máis categoría coa que linde.

4.- Tarifas.

Epígrafe A) Surtidores de gasolina, aparatos de venda automática, fotografía, básculas, caixas de distribución e de rexistro no solo, bocas de carga de combustible, arquetas, postes, caixeiros automáticos, ramplas ou calquera outra instalación ao servizo das edificacións e tamén con casetas de obras e outros elementos afectos ás mesmas na parte que exceda do replanteo correspondente á obra principal e calquera outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas no solo ou voo do dominio público local:

A1. Surtidores de gasolina instalados en solo de dominio público local.

Por unidade e ano ou fracción

Categorías rúas:

1ª 2ª 3ª 4ª 5ª 6ª

2430 2350 1828 1826 1566 1284

A2. Aparatos de venda automática, fotografías, básculas e similares instalados en solo de dominio público local. (*)

Por unidade e ano ou fracción

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
136	132	102	101	88	74 €

(*) Estas instalacións están prohibidas nos ámbitos regulados pola ordenanza municipal de terrazas na vía pública (BOP nº 94 do 16.05.08).

A.3. Con caixas de distribución de rexistro, bocas de carga de combustibles, arquetas, postes e similares instalados en solo ou voo de dominio público local.

Por m2 ou fracción e ano ou fracción

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
78	39	36	28	28	18 €

A.4. Aparatos de venda automática, fotografía e similares adosados a edificios que impliquen unha ocupación en voo sobre dominio público. (*)

Por unidade ano ou fracción.

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
76	71	52	51	45	37 €

(*) Estas instalacións están prohibidas nos ámbitos regulados pola ordenanza municipal de terrazas na vía pública (BOP nº 94 do 16.05.08).

A.5. Caixeiros automáticos adosados a edificios en que a súa utilización implique un aproveitamento especial de vía pública.

Por unidade e ano.

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
171	132	102	101	88	71 €

A.6. Por ocupación de voo con voladizos de redes ou valados, con tendidos para conducción da enerxía eléctrica ou calquera outro servizo.

Por ml ou fracción e ano ou fracción.

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
78	39	36	28	28	18 €

A.7. Por casetas de transformación de enerxía eléctrica e similares en solo ou voo.

Por unidade e ano:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
750	368	317	297	216	151 €

A.8. Por grúas nas que o brazo ou pluma ocupe no seu percorrido calquera porción de voo sobre a vía pública así como farois, escaleiras de emerxencia e outras instalacións que voen sobre dominio público.

Por unidade e semestre:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
374	186	158	149	107	78 €

A9. Por casetas ou outros elementos afectos á obra principal na parte que exceda do replanteo da mesma.

Por m2 ou fracción e día ou fracción:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
4,85	3,75	3,75	2,50	2,50	1,00

A superficie computable será a delimitada polas arestas extremas que forman todos os elementos da ocupación.

Epígrafe B) Valados, puntais, andamios e outras instalacións análogas.

Por m2 ou fracción, e día ou fracción.

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
0,90	0,90	0,75	0,75	0,70	0,65 €

Para os casos en que o valado protexa a instalación de grúa na vía pública, aplicaranse á superficie ocupada pola base daquela as tarifas anteriores recargadas nun 100%.

Epígrafe C) Colectores e sacos para recollida ou depósito de entullos, materiais de construción ou residuos, silos para elaboración de materiais e similares.

C.1 Colectores para recollida ou depósito de entullos ou residuos, silos para elaboración de materiais e similares.

C.1.1.	Por cada colector de ata 7 m2 durante un período de 3 días naturais.	15 €
C.1.2.	Por cada colector de superficie superior a 7 m2 durante un período de 3 días naturais	30 €
C.1.3.	Período de 7 días naturais	50 €
	Tratándose dunha ampliación de 4 días respecto do aboado no apartado C.1.1.	35€
C.1.4.	Por cada colector de superficie superior a 7 m2 durante un período de 7 días naturais.	90€
	Tratándose dunha ampliación de 4 días respecto do aboado no apartado C.1.2.	60€
C.1.5	Por cada colector de ata 7 m2 durante un período máximo de	

	10 días naturais	90€
	Tratándose dunha ampliación de 3 días respecto do aboado no apartado C.1.3.	40€
C.1.6.	Por cada colector de superficie superior a 7 m2 durante un período máximo de 10 días naturais	155€
	Tratándose dunha ampliación de 3 días respecto do aboado no apartado C.1.4.	65€
C.2.	Sacos para depósito de materiais de construción e recollida de entullos e residuos, aplicarase opcionalmente unha das dúas seguintes tarifas:	
C.2.1.	Por cada saco durante un período máximo de 3 días naturais	.7,00€
C.2.2.	Por cada saco durante un período máximo de 6 días naturais	21,00€

Epígrafe D) Operacións excepcionais de carga e descarga

D.1. Entullos, areas, materiais de construción, camións bombeadores de formigón e similares.

Por m2 ou fracción e hora ou fracción:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
1,35	1,15	1,05	0,90	0,90	0,60 €

D.2. Mudanzas e elevadores.

Por m2 ou fracción e día ou fracción:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
3,55	2,85	2,35	1,95	1,95	0,95 €

No caso de que a mudanza se efectúe entre dous emprazamentos dentro do termo municipal, sempre que se realice dentro dunha xornada laboral, realizarase unha única liquidación aplicando a tarifa fiscal do emprazamento de maior categoría fiscal.

Epígrafe E) Mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa:

Por m2 ou fracción e por ano ou fracción:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
5,34	2,79	2,38	2,09	2,09	0,75 €

En caso de existiren toldos ou parasoles de protección que delimiten unha superficie superior á delimitada polas mesas e cadeiras, tomarase aquela como base de cálculo.

Epígrafe F) Postos, barracas, buzóns postais, casetas de venda, espectáculos,

atraccións ou recreo, industrias na rúa e ambulantes sempre que se trate de supostos non incluídos na ordenanza reguladora de venda na vía pública e espazos abertos:

Por m2 ou fracción e día:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
4,85	3,75	3,75	2,50	2,50	1 €

A superficie computable será a que ocupe o posto, máis unha franxa de terreo de 1 m. de ancho paralela á liña exterior do mostrador.

Epígrafe G) Entradas de vehículos a través de beirarrúas e terreos de dominio público local, por cada catro metros lineais ou fracción e por cada entrada e ano:

a) Garaxes particulares de vivendas unifamiliares ou fincas e recintos particulares ao aire libre, con capacidade máxima para catro vehículos:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
119,40	109,30	79,80	59,65	39,50	29,20€

b) Garaxes de comunidade e privados para uso exclusivo de vivendas:

b.1. ata 10 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
249,95	225,15	149,70	119,40	100,20	49,45 €

b.2. de 11 a 25 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
349,30	315,30	209,45	167,95	139,70	73,85 €

b.3. de 26 a 50 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
500,90	440,30	290,25	239,80	200,35	100,20€

b.4. de 51 a 75 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
751,00	660,90	435,55	360,40	300,65	149,70€

b.5. de 76 a 100 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
1001,80	901,50	570,75	470,45	380,40	190,15€

b.6. de 101 a 150 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
----	----	----	----	----	----

1402,75	1262,00	798,90	659,10	532,15	265,45€
---------	---------	--------	--------	--------	---------

b.7. de 151 a 200 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
1963,55	1766,75	1118,70	921,90	746,30	372,25€

b.8. máis de 200 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
3005,95	2754,90	1703,30	1402,75	1111,40	560,70€

c) Garaxes abertos ó público

c.1. ata 25 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
350,10	300,65	179,95	149,70	119,40	59,65 €

c.2. de 26 a 50 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
500,90	435,55	249,95	200,35	149,70	100,20€

c.3. de 51 a 100 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
701,40	601,15	350,10	249,95	200,35	149,70€

c.4. de 101 a 200 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
1503,00	1352,60	781,35	701,40	550,45	450,30€

c.5. de máis de 200 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
3005,95	2705,45	1603,15	1402,75	751,00	701,40€

d) Garaxes de establecementos comerciais, industriais ou de servizos para uso exclusivo do seu persoal e clientes:

d.1. ata 25 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
300,65	249,95	139,70	100,20	79,80	49,45 €

d.2. de 26 a 50 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
----	----	----	----	----	----

500,90	400,75	249,95	200,35	159,85	100,20€
--------	--------	--------	--------	--------	---------

d.3. de 51 a 100 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
751,00	601,15	440,30	300,65	239,80	149,70€

d.4. de 101 a 200 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
1503,00	1202,20	981,65	601,15	480,60	300,65€

d.5. de máis de 200 prazas

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
3005,95	2705,45	1603,15	1202,20	701,40	601,15€

e) Entradas a establecementos comerciais, industriais ou de servizos

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
249,95	219,55	149,70	119,40	100,20	49,45 €

Cando a entrada se utilice por dous ou máis usuarios, aplicarase a cada un deles a cota que corresponda segundo a aplicación das distintas tarifas incluídas no presente epígrafe G, cunha redución do 25%.

No caso de aparcadoiros municipais xestionados indirectamente, estarase en primeiro lugar ao disposto nos respectivos pregos, ademais de ao disposto neste epígrafe.

Epígrafe H) Reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase:

Por ml ou fracción e mes ou fracción:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
9,25	4,80	4,30	2,95	2,95	1,65€

Epígrafe I) Outros aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas de solo, voo e subsolo de dominio público local.

I1. Por ocupación do subsolo con tendidos, entubados, galerías para condución de enerxía eléctrica, auga, gas, fibra óptica ou calquera outro servizo.

Por ml ou fracción e ano ou fracción no caso de que a sección vertical do tendido fose inferior a 0,20 m2.:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
78	39	36	28	28	18 €

No caso de que a sección fose superior a 0,20 m2 a cota será o resultado de

multiplicar a tarifa resultante anterior polo número de veces que a superficie de 0,20 m2 estea contida na superficie total da sección.

12. Por casetas de transformación de enerxía eléctrica e similares no subsolo.
Por unidade e ano:

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
750	368	317	297	216	151 €

13. Caixas de distribución e rexistro instaladas no subsolo do dominio público municipal.

Por m2 ou fracción e ano ou fracción

Categorías rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
78	39	36	28	28	18 €

Epígrafe J) A calquera outro aproveitamento que fose autorizado polo Concello sen que apareza explicitamente contemplado nestas tarifas, deberá aplicarse a tarifa correspondente ao aproveitamento que máis se lle asemelle pola súa natureza.

5.- Cando se trate de taxas por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministros que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, o importe daquelas consistirá, en todo caso e sen excepción ningunha, no 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente neste termo municipal as referidas empresas.

Cando o aproveitamento afecte ao resto do dominio público municipal, aplicaranse, segundo a clase do mesmo, a tarifa das antes establecidas, con carácter xeral, que corresponda.

A estes efectos, incluíranse entre as empresas explotadoras de ditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

Non se incluírán neste réxime especial de cuantificación da taxa os servizos de telefonía móbil.

Este réxime especial de cuantificación aplicarase ás empresas a que se refire este epígrafe 5, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das que se efectúan os subministros como se, non sendo titulares de ditas redes, ou son de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.

A efectos do disposto neste epígrafe, entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, teñan sido obtidos pola mesma como contraprestación polos servizos prestado en cada termo municipal.

Non se incluírán entre os ingresos brutos, a estes efectos, os impostos indirectos que graven os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se aplique este réxime especial de cuantificación da taxa.

As empresas que empreguen redes alleas para efectuar os subministros deducirán dos seus ingresos brutos de facturación as cantidades satisfeitas a outras empresas en concepto de acceso ou interconexión ás redes das mesmas. As empresas titulares de tales redes deberán computar as cantidades percibidas por tal concepto entre os seus ingresos brutos de facturación.

O importe derivado da aplicación deste réxime especial non poderá ser repercutido aos usuarios dos servizos de subministro a que se refire este epígrafe 5.

As taxas reguladas neste epígrafe 5 son compatibles con outras taxas que poidan establecerse pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia local, das que as empresas a que se refire este epígrafe deban ser suxeitos pasivos conforme ó establecido no artigo 23.1.b) do RDL 2/2004 do 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais), quedando excluída, polo pagamento desta taxa, a exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais.

6.- Cando se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación.

Cando a ocupación do solo, subsolo e voo da vía pública ou as obras necesarias para isto supoñan a inutilización de todo ou en parte de prazas de aparcadoiro a que se refire a ordenanza reguladora do servizo de aparcamento de vehículos na vía pública mediante Parquímetros expendedores de billetes na cidade de Vigo, o interesado deberá indemnizar ao Concello ou, no seu caso, ao contratista, dos eventuais prexuízos que se lle causen coa ocupación cun máximo de 6€ praza e día.

7.- Nas cotas calculadas segundo o disposto neste artigo correspondentes aos epígrafes A), B), C), D), F) e H), cando as ocupacións do dominio público afecten a prazas de aparcadoiro regulado na ordenanza reguladora do servizo de aparcamento de vehículos na vía pública mediante parquímetros expendedores de billetes na cidade de Vigo, sumaranse as seguintes cantidades:

a) Tratándose das ocupacións sinaladas nos epígrafes A) e H), 6,65 € por m² ou fracción e quincena ou fracción con un mínimo de 65,55 €.

b) Tratándose das ocupacións sinaladas nos epígrafes B), C), D) e F), 0,75 € por m² ou fracción e día ou fracción, con un mínimo de 4,35 €.

No caso de que a ocupación inclúa beirarrúa e prazas delimitadas para aparcadoiro regulado (ORA), as superficies a considerar para a aplicación dos apartados a) e b)

anteriores serán, exclusivamente, as correspondentes ás prazas de aparcadoiro ocupadas.

ARTIGO 5.- PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1.- O período impositivo a que se referirán as cotas das diferentes taxas reguladas nesta ordenanza será o seguinte:

- Para os aproveitamentos sinalados no epígrafe a), e) e i) do artigo 1 o período impositivo coincidirá co ano natural, a excepción do aproveitamento en voo derivado da instalación de grúas torre, que será semestral; e de casetas ou outros elementos afectos á obra no que será o número total de días no que permaneza o ocupación.
- Para os aproveitamentos sinalados nos epígrafes b), c) e f) do artigo 1º, o período impositivo coincidirá co número total de días do aproveitamento.
- Para os aproveitamentos sinalados no epígrafe d) do artigo 1º, o período impositivo será o número de horas ou días.
- Para os aproveitamentos sinalados no epígrafe g) do artigo 1º, o período impositivo coincidirá co semestre natural de cada ano.
- Para os aproveitamentos sinalados no epígrafe h) do artigo 1º, o período impositivo coincidirá co número de meses de aproveitamento.

2.- As taxas reguladas na presente ordenanza devengaranse no momento en que se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial, aplicándose para a determinación de cotas os seguintes criterios:

- No caso de que, previamente a iniciar o uso exclusivo ou o aproveitamento especial do dominio público fose preciso executar obras, o devengo producirase dende a data de remate das referidas obras.
- As altas xurdirán efectos dende o día de inicio do aproveitamento.
- As baixas xurdirán efectos dende o día de cesamento do aproveitamento que figure na autorización salvo que os servizos técnicos municipais determinen outra data distinta do cese.
- As baixas relativas a aproveitamentos sinalados nos apartados a), g) e i) presentadas durante o primeiro mes do período impositivo, causarán efectos na data de finalización do período impositivo anterior.

ARTIGO 6.- NORMAS SOBRE INGRESO

1.- No momento da presentación de solicitudes de licenzas por usos privativos ou aproveitamentos especiais, os suxeitos pasivos ingresarán por autoliquidación o importe das taxas que correspondan segundo ao disposto nos artigos 4 e 5 desta

ordenanza referidas ao exercicio corrente, salvo que os servizos técnicos municipais xestores do servizo, por motivos debidamente xustificados, autoricen a súa autoliquidación nun momento posterior da tramitación do expediente.

No caso de que, previamente a iniciarse a ocupación do dominio público fose preciso realizar obras, a autoliquidación efectuarase á finalización das mesmas e antes de iniciarse o aproveitamento.

Se para os seguintes períodos impositivos continuara a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público, as liquidacións serán incluídas nun padrón periódico con sistema de cobramento por recibos para os que se publicará o período voluntario de cobranza.

2.- As empresas explotadoras de servizos de subministros ingresarán, polo procedemento de autoliquidación, no primeiro mes de cada semestre, o importe da taxa a que alude o apartado 5 do artigo 4 desta ordenanza, correspondente ao semestre anterior. As autoliquidacións practicadas terán o carácter de “a conta” da autoliquidación de regularización que se presentará antes do 30 de xullo do exercicio seguinte. A autoliquidación de regularización practicada en xullo deberá ir acompañada de Balance de Situación e Conta de Explotación da entidade, relativos ao exercicio precedente, certificados polo presidente do Consello de Administración, así como informe da auditoría onde conste expresamente a facturación correspondente ao termino municipal de Vigo no citado período.

3.- Os solicitantes de aproveitamentos sinalados no apartado b), c) e h) do artigo 1º, deberán formular, solicitude/autoliquidación de taxas por todo o tempo solicitado. Dito documento poderá descargarse da páxina Web do Concello ou ben realizar este trámite nas oficinas de Xestión Tributaria do Concello.

Se o tempo solicitado non resultase suficiente, deberán formular, con anterioridade ao seu vencemento, solicitude de continuación co aproveitamento e autoliquidación complementaria.

No caso de que a anterior autoliquidación complementaria fose extemporánea, será obxecto dos recargos regulados na ordenanza fiscal xeral.

En todo caso, a efectos das competencias de inspección e control sobre o estado da vía pública por parte dos Servizos de Vías e Obras e Circulación Viaria, os solicitantes estarán obrigados a formular a baixa do aproveitamento.

De non se ter formulado esta baixa, a Administración Tributaria do Concello poderá requirir o pagamento das taxas devengadas xunto cos recargos e sancións tributarias procedentes. Do mesmo xeito, a Alcaldía poderá impoñer a correspondente sanción por infracción de norma regulamentaria.

4.- No caso do aproveitamento a que se refire o apartado h) do artigo 1º, se a solicitude abranguera unha duración superior ao do período impositivo, aplicarase o previsto no apartado 1 parágrafo 3 deste artigo.

ARTIGO 7.- NORMAS DE XESTIÓN

1.- Para poder disfrutar dos aproveitamentos especiais e utilizacións privativas do dominio público, os interesados deberán solicitar a oportuna autorización. No caso de que os lugares susceptibles de aproveitamento especial ou utilización privativa fosen limitados, poderán concederse as autorizacións mediante poxa pública conforme ao prego de condicións que oportunamente se aprobe. Servirán de tipo inicial de licitación os prezos que figuran no artigo 4 deste texto.

En todo caso estes aproveitamentos axustaranse ao disposto no regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real decreto 1372/86.

2.- No caso dos aproveitamentos a que se refire o epígrafe G) do artigo 3 que requiran obra de rebaixe do bordo, os solicitantes de entradas a establecementos comerciais e industriais, simultaneamente coa solicitude de licenza de obra, deberán constituír fianza por importe de 106€ para responder dos gastos de reposición do bordo.

Procederáse á devolución desta fianza se o titular do aproveitamento procede á reposición do bordo previamente á baixa do aproveitamento.

3.- As solicitudes contarán en todo caso cos seguintes datos: nome, apelidos e DNI ou razón social e CIF do solicitante, correo electrónico, domicilio fiscal, situación do aproveitamento e o seu prazo de duración (máximo 90 anos).

No caso de que os aproveitamentos por entradas de vehículos fosen detectados a través de actuacións inspectoras ou comprobacións de campo, a Administración Tributaria poderá iniciar expediente de solicitude de autorización do aproveitamento por entradas de vehículos -referenciado catastralmente tanto con datos gráficos como alfanuméricos-, no caso de que na visita realizada, o titular catastral da finca, titular da actividade económica, inquilino ou ocupante conforme a dereito, manifestara fidedignamente a súa vontade de regularizar o aproveitamento.

4.- Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados concedéndose as licenzas de non atopar diferencias coas peticións e conforme ás normas vixentes no Concello en relación ao tráfico, limpeza, non obstaculizar calzada e beirarrúas, seguridade e outras. Se se desen diferencias coas declaracións, notificaranse ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias con aplicación de intereses de demora e a sanción correspondente.

5.- En caso de denegarse as autorizacións, procederá a devolución dos importes ingresados, sempre que non se teña producido o feito impositivo.

6.- Non poderá ocuparse dominio público municipal ata que fose ingresado o importe das taxas e outorgada a correspondente autorización.

7.- A ocupación entenderase concedida polo tempo que figure na autorización,

sen prexuízo dos supostos de renuncia polo interesado, caducidade ou revogación da mesma, nos casos legalmente previstos.

8.- No caso dos aproveitamentos que figuran nos epígrafes b),c),d) e f) do artigo 1, os titulares das licencias deberán depositar antes de retirar a licenza, fianza para responder dos posibles danos que poidan ocasionarse no dominio público, dos posibles gastos de reconstrución ou reparación do dominio público, na contía que determinen os departamentos de Urbanismo, Infraestruturas e Obras, Circulación Viaria e/ou o departamento competente, segundo corresponda.

A estes efectos e de conformidade co previsto no artigo 34 da ordenanza xeral reguladora das obras e as conseguintes ocupacións necesarias para a implantación de servizos na vía pública, o solicitante deberá presentar no prazo dos 15 días seguintes á notificación da licenza de obras e, en todo caso, antes do inicio das mesmas, fianza para responder polos danos e prexuízos que poida sufrir o dominio público con ocasión ou como consecuencia, directa ou indirecta, da execución das mesmas, por importe do 10% do seu custo incluído no presuposto presentado ou na licenza, no caso de que o mesmo fora modificado por aquela.

No caso de que o aproveitamento supoña a execución de obras no dominio público coa conseguinte remoción de pavimentos e de conformidade co previsto na ordenanza xeral reguladora das obras e as conseguintes ocupacións necesarias para a implantación de servizos na vía pública e no artigo 4.d) da ordenanza fiscal nº 24 reguladora das taxas pola prestación do servizo de control de calidade, os solicitantes xunto coa súa solicitude deberán acreditar ter ingresado na Tesourería Municipal o 4% do presuposto de execución material da obra a que corresponda. O importe ingresado será provisional a resultados da liquidación que proceda á finalización da obra e sen prexuízo da súa devolución se a licenza fora denegada.

9.- Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial implicase a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da taxa a que houbese lugar, estará obrigado ao reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe, se fose superior á fianza constituída ao efecto.

Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do deterioro dos danados.

O Concello non poderá condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire este apartado.

10.- O disfrute dun aproveitamento sen licenza ou por superficie ou duración superior á que figurase naquela, será sancionado pola Xunta de Goberno Local ou órgano en que delegue, de acordo co disposto no artigo 127.1.l) da Lei 7/85 do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local e restante normativa de aplicación.

ARTIGO 8.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

No relativo a infraccións tributarias desta ordenanza, así como ás súas

cualificacións e sancións, estarase o disposto na ordenanza fiscal xeral do Concello, Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

No momento no que o servizo integral de xestión de residuos sólidos urbanos procedentes de obras de construción e demolición en domicilios, depositados en sacos en terreos de dominio público, estea en funcionamento, deixará de aplicarse a tarifa do epígrafe c.2. por estar incluído o importe do aproveitamento no prezo público fixado na ordenanza 42.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

O Concello adecuará o presente texto á lexislación estatal e autonómica ditada para a transposición da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, facultándose á Dirección de Ingresos para a elaboración do correspondente texto refundido.

DISPOSICIÓN FINAIS

1ª.- No non previsto nesta ordenanza será de aplicación a ordenanza fiscal xeral do Concello, Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

2ª.- Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2013, estendendo os seus efectos favorables aos feitos impoñibles realizados no exercicio inmediatamente anterior, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Someter a aprobación provisional a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

19.- (203) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DE

TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO LOCAL CON INSTALACIÓN DE QUIOSCOS. (31)

ANTECEDENTES.- Con data 10 de agosto de 2012 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas por aproveitamento especial de terreos de dominio público local con instalación de quioscos no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 22 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Por escrito da mesma data do 22 de agosto, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 17 de setembro a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 10 de agosto.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido, o grupo político municipal do Partido Popular, por escrito de data 22 de outubro, presentou emenda á totalidade pola que, entre outros aspectos, insta ao goberno municipal a manter vixentes para o ano 2013 as actuais ordenanzas fiscais, supoñendo iso a non variación dos importes (tarifas e cotas).

A emenda foi informada pola Dirección de Ingresos e polo Tribunal Económico Administrativo Municipal mediante informes de data 23 de outubro que constan no expediente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 22 de outubro, por maioría, ditaminou rexeitar a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular e aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 10 de agosto de 2012, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

(Nas votacións está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO CONCELEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a emenda á totalidade das ordenanzas formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, co texto transcrito anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal

reguladora das taxas por aproveitamento especial de terreos de dominio público local con instalación de quioscos

ARTIGO 4.- COTAS

2. As tarifas relativas a quioscos na vía pública serán as seguintes:
Por m2 ou fracción e semestre:
Categoría das rúas:

1ª	2ª	3ª	4ª	5ª	6ª
109,1	58,2	50,15	35,8	35,8	18,80 €

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2013, estendendo os seus efectos favorables aos feitos impositivos realizados no exercicio inmediatamente anterior, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

20.- (204) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS CON INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NA VÍA PÚBLICA E, EN XERAL, EN BENS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL, AUTORIZADOS AO ABEIRO DA ORDENANZA REGULADORA DA VENDA NA VÍA PÚBLICA E ESPAZOS ABERTOS. (32).

ANTECEDENTES.- Con data 10 de agosto de 2012 a directora de ingresos, presenta

proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas por aproveitamentos especiais con instalación de postos de venda na vía pública e, en xeral, en bens de dominio público municipal, autorizados ao abeiro da ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 22 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Por escrito da mesma data do 22 de agosto, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 17 de setembro a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 10 de agosto.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido, o grupo político municipal do Partido Popular, por escrito de data 22 de outubro, presentou emenda á totalidade pola que, entre outros aspectos, insta ao goberno municipal a manter vixentes para o ano 2013 as actuais ordenanzas fiscais, supoñendo iso a non variación dos importes (tarifas e cotas).

A emenda foi informada pola Dirección de Ingresos e polo Tribunal Económico Administrativo Municipal mediante informes de data 23 de outubro que constan no expediente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 22 de outubro, por maioría, ditaminou rexeitar a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular e aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 10 de agosto de 2012, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

(Nas votacións está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a emenda á totalidade das ordenanzas formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, co texto transcrito anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamentos especiais con instalación de postos de venda na vía pública e, en xeral, en bens de dominio público municipal, autorizados

ao abeiro da ordenanza reguladora da venda na vía pública e espazos abertos

ARTIGO 4.- COTAS

As cotas que correspondan abonar en concepto das taxas reguladas nesta ordenanza determinaranse con arranxo ó cadro que segue:

Por m² ou fracción e día
Categoría das rúas:

1 ^a	2 ^a	3 ^a	4 ^a	5 ^a	6 ^a
2,7	2,05	2	1,4	1,4	0,5

DISPOSICIÓN FINAIS

2^a. Esta Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2013, estendendo os seus efectos favorables aos feitos impositivos realizados no exercicio inmediatamente anterior, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

21.- (205) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DA VÍA PÚBLICA CON ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA EN DETERMINADAS RÚAS MUNICIPAIS. (34)

ANTECEDENTES.- Con data 10 de agosto de 2012 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en

determinadas rúas municipais no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 22 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Por escrito da mesma data do 22 de agosto, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 17 de setembro a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 10 de agosto.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido, o grupo político municipal do Partido Popular, por escrito de data 22 de outubro, presentou emenda á totalidade pola que, entre outros aspectos, insta ao goberno municipal a manter vixentes para o ano 2013 as actuais ordenanzas fiscais, supoñendo iso a non variación dos importes (tarifas e cotas).

A emenda foi informada pola Dirección de Ingresos e polo Tribunal Económico Administrativo Municipal mediante informes de data 23 de outubro que constan no expediente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 22 de outubro, por maioría, ditaminou rexeitar a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular e aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 10 de agosto de 2012, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

(Nas votacións está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández

Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a emenda á totalidade das ordenanzas formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, co texto transcrito anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por aproveitamento especial da vía pública con estacionamento de vehículos de tracción mecánica en determinadas rúas municipais

ARTIGO 4.- COTAS

As tarifas desta taxa serán as seguintes:

1. Tarifa xeral pre-pagada:	
1.1 Ata 33 minutos.	0,30 €
1.2 De máis de 33 minutos ata 63 minutos.	0,60 €
1.3 De máis de 63 minutos ata 90 minutos.	1,00 €
1.4 De máis de 90 minutos ata 120 minutos.	1,40 €

2. Tarifa de residentes:

A tarifa será de 0,35 € por cada dúas horas, sen límite no tempo de estacionamento.

Poderán facerse con tarxetas de estacionamento para cada trimestre natural por importe de 34,00 €/trimestre. Así mesmo, poderán adquirir tarxetas de estacionamento anuais por importe de 97,00 €.

3.- A tarifa postpagada, se a duración de aparcamento excédese da sinalada no ticket nun máximo de unha hora, será de 2,50 €, tarifa establecida ao amparo do disposto no artigo 9 do Texto refundido da Ordenanza reguladora do servizo de aparcamento na vía pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo.

4.- A tarifa postpagada, no caso de estacionamento que supere as dúas horas de aparcamento no mesmo emprazamento ou rúa, existindo denuncia formulada polo controlador da XER e sempre que o pagamento se realice no prazo máximo dunha hora dende a formulación da denuncia será de 5,00 €. O pagamento desta tarifa significará a anulación da denuncia ao amparo do disposto no artigo 9 do Texto refundido da Ordenanza reguladora do servizo de aparcamento na vía pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo.

5.- A tarifa postpagada, no caso de estacionamento sen ticket e existindo denuncia formulada polo controlador da XER e sempre que o pagamento se realice no prazo máximo dunha hora dende a formulación da denuncia será de 7,20 €. O pagamento desta tarifa significará a anulación da denuncia ao amparo do disposto no artigo 9 do Texto refundido da Ordenanza reguladora do servizo de aparcamento na vía pública mediante máquinas expendedoras de tickets na cidade de Vigo.

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª. A presente modificación entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro do ano 2013, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

22.- (206) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS E TAXAS POLA CONCESIÓN DE LICENZAS PARA CONSTRUCCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓN TRAMITADAS POLA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO ASÍ COMO POLA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO. (50)

ANTECEDENTES.- Con data 10 de agosto de 2012 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora dos dereitos e taxas pola concesión de licenzas para construcións, obras e instalacións tramitadas pola xerencia municipal de urbanismo así como pola administración do concello no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 22 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Por escrito da mesma data do 22 de agosto, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 17 de setembro a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 10 de agosto.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido, o grupo político municipal do Partido Popular, por escrito de data 22 de outubro, presentou emenda á totalidade pola que, entre outros aspectos, insta ao goberno municipal a manter vixentes para o ano 2013 as

actuais ordenanzas fiscais, supoñendo iso a non variación dos importes (tarifas e cotas).

A emenda foi informada pola Dirección de Ingresos e polo Tribunal Económico Administrativo Municipal mediante informes de data 23 de outubro que constan no expediente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 22 de outubro, por maioría, ditaminou rexeitar a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular e aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 10 de agosto de 2012, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

(Nas votacións está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a emenda á totalidade das ordenanzas formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, co texto transcrito anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz,

Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora dos dereitos e taxas pola concesión de licenzas para construcións, obras e instalacións tramitadas pola xerencia municipal de urbanismo así como pola administración do concello

ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE E DEVENGO

1.- Constitúe o feito imponible desta taxa, a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos á concesión ou denegación das licenzas que preceptivamente deban solicitarse do Concello para a execución de calquera clase de construcións e obras ou instalacións ou a realización de actividades técnicas e administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de "declaración responsable" ou "comunicación previa".

2.- Constitúe feito imponible desta taxa as actividades técnicas e administrativas conducentes á declaración de fora de ordenación das edificacións con infracción prescrita.

3.- Igualmente constitúe feito imponible desta taxa a prestación doutros servizos urbanísticos relacionados no apartado C) do artigo 7 deste texto.

4.- A taxa devengarase cando se inicie a prestación do servizo por parte da Administración municipal, coa recepción da solicitude ou/e a correspondente iniciación do expediente.

5.- Unha vez nacida a obriga de contribuír, non se verá afectada en modo algún pola denegación de licencia solicitada, ou a renuncia, ou desestimento do solicitante con posterioridade a súa concesión.

6.- Nos casos de renuncia ou desestimento con anterioridade á concesión da licenza procederá a devolución do 50 % da taxa ingresada, sempre que a

solicitud fose presentada antes de que se formule proposta de resolución ó Órgano competente.

ARTIGO 6.- BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE.

1.- No caso das actividades descritas no apartado 1 do artigo 1 a base imponible que será igual a base liquidable é o presuposto da construción, instalación ou obra a realizar.

2.- No caso das actividades descritas no apartado 2 do artigo 1 a base imponible que será igual a base liquidable é o presuposto da obra actualizado á data da solicitude de declaración de fora de ordenación. No caso de existiren dificultades para presentar dito presuposto, a base liquidable será o valor catastral da construción multiplicado por 2.

3.- Para os restantes servizos urbanísticos as bases liquidables figuran no apartado C) do artigo 7.

ARTIGO 7.- COTAS

As cotas a satisfacer resultarán de aplica-los tipos seguintes:

A) Licenzas de obra ou "declaración responsable " ou "comunicación previa": 0,95 por cento sobre a base liquidable.

B) Declaración de fora de ordenación das edificacións con infracción prescrita: 0,95 por cento sobre a base liquidable.

C) Outros servizos urbanísticos:

- | | |
|--|---------|
| 1.- Aliñacións e rasantes, por cada 10 m/l ou fracción. | 6,30 € |
| 2.- Inspección de obras, actividades e instalacións a instancia de parte, por imperativo legal ou causa de expediente contradictorio, por unidade. | 24,95 € |
| 3.- Licenzas de parcelación urbanística, por cada parcela resultante. | 48,15 € |
| 4.- Autorizacións previas en solo non urbanizable (incluíndo custo anuncio prensa). | 61,55 € |
| 5.- Licenzas de primeira ocupación e primeira utilización ou posta en marcha da actividade. | |

5.1 USO RESIDENCIAL VIVENDAS UNIFAMILIARES E "ADOSADOS"

- | | |
|--|----------|
| 5.1.1. Vivendas superficie construída inferior a 100 m ² , por cada unha. | 26,80 € |
| 5.1.2. Vivendas sup. construída entre 101 e 250 m ² , por cada unha. | 107,65 € |
| 5.1.3. Vivendas superficie construída superior a 250 m ² , por cada unha. | 250,65 € |

5.2 USO RESIDENCIAL VIVENDAS COLECTIVAS

5.2.1. Vivendas (incluídos estudos e apartamentos), por cada unha.	13,80 €
5.2.2. Baixos lóbregos, por cada un.	18,35 €
5.2.3. Baixos divididos, por cada un.	9,25 €
5.2.4. Sotos, semisotos e plantas de uso accesorio tales como garaxes, trasteiros, bodegas, etc, por cada planta ou semiplanta.	13,80 €
5.3 OUTROS USOS	
5.3.1. Licenzas de primeira ocupación de naves industriais, edificios comerciais, de oficinas, de servizos, etc, ata 500 m2 de superficie construída, por cada 10 m2 ou fracción.	1,75 €
Por cada 10 m2 de exceso.	0,40 €
5.3.2. Licenzas de primeira utilización ou posta en marcha de actividades, ata 500 m2 de superficie construída, por cada 10 m2 ou fracción.	2,55 €
Por cada 10 m2 de exceso.	0,50 €
6. Solicitude de declaración de ruína.	308,70 €
7. Por tramitación de proxecto de execución que desenvolva un proxecto básico que xa obtivera licenza e, sempre e cando, o presuposto de execución coincida co presuposto básico.	229,95 €

Para o caso en que o presuposto de execución supere o básico practicarase amais da liquidación da cota sinalada no parágrafo precedente, liquidación de taxas relativo á diferenza de presuposto, con arranxo ao disposto no apartado A) deste artigo. Para o caso dos chamados “proxectos reformados” e “obras de reforma” aplicaranse idénticos criterios aos sinalados neste apartado para os proxectos de execución.

8. Por tramitación de expedientes de iniciativa particular relativos a planeamento secundario ou de desenvolvemento e de xestión urbanística, o importe da taxa ascenderá, en cada caso, ao custe dos anuncios en Diarios oficiais e prensa local.

Os interesados poderán tramitar e costear directamente as devanditas publicacións. Neste caso non se devenga taxa ningunha.

Se o resultado de aplicación das tarifas previstas neste artigo fose inferior a 22,05 €, prevalecerá este importe como cota mínima.

ARTIGO 8.-

1.- As taxas reguladas nesta ordenanza esixiranse en réxime de autoliquidación, debendo o suxeito pasivo, no momento de presenta-la correspondente solicitude, acreditar-lo ingreso do importe total estimado da débeda tributaria, a conta da liquidación que en definitiva corresponda. Será base liquidable, para o cálculo de cotas relativas ó apartado A) do artigo 7, o importe do presuposto presentado polo interesado, sempre que o mesmo fose visado polo Colexio Oficial correspondente.

2.- No caso de licenzas de obras para rebaixe de bordo de beirarrúas en establecementos comerciais ou industriais, o titular da licenza deberá depositar fianza por importe de 201,15 € que o Concello devolverá no momento en que o bordo sexa reparado e a beirarrúa volva ao seu estado primitivo.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

(Suprímese esta disposición 3ª)

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. Esta modificación entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de Xaneiro de 2013, ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

23.- (207) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓN. (51)

ANTECEDENTES.- Con data 10 de agosto de 2012 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas por licenzas de actividades e instalacións no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 22 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Por escrito da mesma data do 22 de agosto, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 17 de setembro a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade ao proxecto da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 10 de agosto.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido, o grupo político municipal do Partido Popular, por escrito de data 22 de outubro, presentou emenda á totalidade pola que, entre outros aspectos, insta ao goberno municipal a manter vixentes para o ano 2013 as actuais ordenanzas fiscais, supoñendo iso a non variación dos importes (tarifas e cotas).

A emenda foi informada pola Dirección de Ingresos e polo Tribunal Económico Administrativo Municipal mediante informes de data 23 de outubro que constan no expediente.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 22 de outubro, por maioría, ditaminou rexeitar a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular e aprobar a proposta formulada pola directora de Ingresos con data 10 de agosto de 2012, co texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

(Nas votacións está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS: Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co

artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a emenda á totalidade das ordenanzas formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, co texto transcrito anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas por licenzas de actividades e instalacións

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

1.- Constitúe o feito imponible da taxa de Licenzas de Actividades e Instalacións as actividades municipais necesarias para o outorgamento das citadas licenzas así como a realización de actividades de control nos supostos nos que a esixencia de licenza estivera substituída pola presentación de "declaración responsable" ou "comunicación previa".

(Suprímese o paragrafo 2º)

ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA E TARIFAS

1.- A cota tributaria das licenzas de actividades e instalacións nas que a súa tramitación deba realizarse de acordo cos regulamentos de Policía de Espectáculos e Decreto 133/2008 polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental,

determinarase como suma da cota calculada en función da superficie máis a cota resultante en función da potencia nominal solicitada expresada en CV, segundo o cadro que se establece nos apartados 1.1. e 1.2. que seguen.

Da mesma forma calcularase para o caso de que, estando nas condicións do apartado 1. anterior, a esixencia de licenza estivera substituída pola presentación de "declaración responsable" ou "comunicación previa".

1.1.- Superficie do local:

ata	50 m2.	48,25 €
de	51 m2 a 150 m2	57,90 €
de	151 m2 a 200 m2	260,35 €
de	201 m2 a 500 m2	585,85 €
de	501 m2 a 1000 m2	1.447,95 €
de	1001 m2 a 2000 m2	2.895,90 €
de	2001 m2 a 5000 m2	5.791,55 €
de máis de	5000 m2	6.756,55 €

1.2.- Potencia nominal. Entenderase por potencia nominal computable a efectos da presente taxa, tanto a potencia motriz aplicada directamente ó proceso produtivo como a potencia eléctrica das instalacións, máquinas e aparatos que tamén interveñan no dito proceso. Exclúese a potencia utilizada en alumeadado, así como a empregada para servizos xerais do local que non teñan incidencia no proceso produtivo. Para aplicación da tarifa que segue, debe utilizarse a equivalencia $1\text{kW}=1,36\text{CV}$ no caso de que a potencia solicitada estea expresada en KW.

Potencia nominal:

Sen potencia ningunha		0,00 €
ata	10 CV	138,00 €
de	11 CV a 20 CV	183,75 €
de	21 CV a 25 CV	230,10 €
de	26 CV a 50 CV	276,05 €
de	51 CV a 100 CV	321,85 €
de máis de 100 CV; aplicarase á totalidade da potencia computable á tarifa de		3,15 € por CV.

2.- A cota tributaria das licenzas non incluídas no apartado 1 deste artigo, e que poderían denominarse inocuas ou ben as actividades de control derivadas de "declaración responsable" ou "comunicación previa", determinarase en función do cadro que segue:

Superficie do local:

ata	50 m2		24,10 €
de	51 m2 a	150 m2	28,95 €
de	151 m2 a	200 m2	130,15 €
de	201 m2 a	500 m2	260,35 €
de	501 m2 a	1.000 m2	772,00 €
de	1.001 m2 a	2.000 m2	1.447,95 €
de	2.001 m2 a	5.000 m2	2.412,85 €
de máis de		5.000 m2	3.378,70 €

3. Excepcionalmente, as licenzas correspondentes a elementos transformadores de enerxía eléctrica pertencentes a compañías vendedoras da mesma, deberán satisfacer a cota que resulte de sumar a tarifa resultante en función da superficie do local calculada segundo o disposto no apartado 1.1 deste artigo e a tarifa resultante da aplicación do seguinte cadro de potencias expresadas en KVA.

Potencia:	
Ata 2000 KVA	367,65 €
Polo exceso de 2000 KVA a 5000 KVA, incrementarase a tarifa anterior, por cada 100 KVA en fracción de exceso	22,90 €
Polo exceso de 5000 KVA ata 10000 KVA, incrementarase a suma das tarifas anteriores, por cada 100 KVA ou fracción de exceso	13,55 €
Polo exceso de 10.000 KVA, incrementarase a suma das tarifas anteriores, por cada 100 KVA ou fracción de exceso	9,20 €

ARTIGO 7.- NORMAS DE XESTIÓN

1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, acreditando o ingreso correspondente no momento de presentar a correspondente solicitude de licenza ou "declaración responsable" ou "comunicación previa".

2. Unha vez adoptada a resolución que proceda e/ou realizadas pola Administración as comprobacións oportunas, practicarase a liquidación definitiva que se lle notificará o interesado reclamando ou devolvendo a cantidade que proceda.

ARTIGO 8.-

As comunicacións que realicen os interesados en relación a cambios de titularidade e/ou cambios de actividade a que se refire o apartado 2 do artigo 2 desta ordenanza, realizaranse en impreso regulamentario no Rexistro Xeral da Xerencia de Urbanismo e irán acompañadas de documento acreditativo da licenza do local, fotocopia do DNI ou CIF do titular actual -e do titular anterior, en caso de

cambio-.Abonarán a taxa que corresponda segundo a tarifa vixente na Ordenanza Fiscal de Taxas de Expedición de Documentos.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS.

(Suprímese a disposición adicional 3ª)

DISPOSICIÓN FINAIS

2ª. A presente Ordenanza surtirá efectos dende o 1 de xaneiro do 2013 e continuará en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Segundo.- Someter a exposición pública polo prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

Terceiro.- Para o caso de non se presentar reclamacións, entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

24.- (208) APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVIZOS QUE PRESTA O ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL PARQUE DAS CIENCIAS “VIGO-ZOO” A TRAVÉS DO SEU PARQUE ZOOLOXICO. (53)

ANTECEDENTES.- Con data 10 de agosto de 2012 a directora de ingresos, presenta proposta de modificación da ordenanza reguladora das taxas polos servizos que presta o organismo autónomo municipal Parque das ciencias “Vigo-Zoo” a través do seu parque zoolóxico no sentido que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 22 de agosto, o secretario do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, coa conformidade do presidente, ditamina favorablemente á proposta de modificación presentada.

Por escrito da mesma data do 22 de agosto, a Intervención Xeral non formula obxección ningunha á devandita proposta.

En data de 17 de setembro a Xunta de Goberno Local prestou a súa conformidade

ao proxecto da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, co texto proposto pola Directora de Ingresos no seu informe do 10 de agosto.

Conforme sinala o artigo 90.1 do Regulamento Orgánico do Pleno de data 15 de outubro, o secretario xeral do Pleno remitiu aos voceiros dos grupos políticos municipais o texto do proxecto ao obxecto da presentación de emendas.

Dentro do prazo establecido, o grupo político municipal do Partido Popular, por escrito de data 22 de outubro, presentou emenda á totalidade pola que, entre outros aspectos, insta ao goberno municipal a manter vixentes para o ano 2013 as actuais ordenanzas fiscais, supoñendo iso a non variación dos importes (tarifas e cotas).

Así mesmo o grupo político municipal do BNG, en data 22 de outubro, presentou escrito no que, entre outros aspectos, propón un "...incremento do 2% nos mínimos exentos de ingresos... para familias numerosas... os cales pasarían ser 3.827€ e 5.987€..."

As emendas informáronse pola Dirección de Ingresos e polo Tribunal Económico Administrativo Municipal mediante informes de data 23 de outubro que constan no expediente.

